

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE XUÑO DE

2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de xuño de dous mil trece, baixo a presidencia da señora alcaldesa en funcións dona M^a Jesús González Roel, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, don José Antonio Orosa Fernández e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asiste, con escusa, don Manuel Rivas Caridad, do PP.

Asiste dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de maio de 2013

A Sra. presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de maio de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

Antes de continuar, dona M^a Jesús González Roel, alcaldesa en funcións, desculpa a ausencia do Sr. alcalde que por motivos persoais non puido estar hoxe no pleno.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de adhesión ao protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de xuño de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior,

Economía e Facenda de data 25 de xuño de 2013.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, anuncia que o seu grupo vai votar a prol do acordo, a pesar de que en canto ao seu contido parécelles un pouco xenérico, e a pesar de que, aínda que as actividades que se propoñen suponse que son con custo cero para o concello, non se resisten a sinalar que nestes períodos de crise, as medidas que se propoñen dende calquera administración pública deben ser eficaces. Neste sentido, estarán vixiantes para que verdadeiramente o contido do convenio se cumpra e que non sexan unhas medidas meramente cosméticas.

Conclúe explicando que di isto fundamentalmente tendo e conta a axenda e as actividades desenvolvidas o ano pasado pola Secretaría de Igualdade en colaboración coa FEGAMP, que como dixo antes, parécenlles un pouco, e no mellor dos casos, cosméticas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto da comisión e tamén van votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo vai manter o voto da comisión, que era a prol, e quere dicir que sempre están a prol deste tipo de iniciativas e en contra da violencia de xénero.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que ao seu grupo gustaríalle cambiar o voto de abstención da comisión e votar a prol, o que ocorre é que tamén lles gustaría que se engadisen dous puntos sen moita importancia á proposta, que saben que van aceptar dende o PP.

Explica que un deles é que o concello se comprometa a colaborar con actividades que puntualmente asociacións feministas, ou de mulleres maltratadas, queiran celebrar no Concello de Cambre, que se comprometa a axudar e colaborar. E o segundo punto trátase de dotar dalgún carto, dun orzamento, esas boas intencións, porque está claro que é unha declaración de boas intencións que está moi ben, pero tamén está claro que as mulleres maltratadas, as que sufren violencia machista, o que necesitan ademais de papel, de declaracións de boas intencións, son cartos. Se se engaden eses dous puntos, eses dous pequenos compromisos, votarían a prol, senón van manter o voto de abstención.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que co primeiro punto por suposto que están de acordo, non poderían estar en contra. Co segundo cre lembrar que xa teñen unha partida nos orzamentos para actividades relacionadas coa loita contra a violencia de xénero, en todo caso, se puidera parecer escasa, ou se á Concellería de Igualdade lle parecera escasa, seguro que non terían ningún inconveniente en traer unha modificación de crédito para ampliar esa partida, pero a partida existe.

El considera que este convenio o que pretende é optimizar os recursos a través da colaboración entre a Xunta e os distintos concellos á hora de organizar actividades e, sobre todo, como pon o convenio, á hora de facilitar asesoramento e asistencia, tanto

médica, psicolóxica, como de calquera outro tipo, que poidan necesitar as mulleres vítimas da violencia de xénero, entre os distintos profesionais que haxa dentro da rede que se está conformando.

Conclúe dicindo que esa é un pouco a intención, son compatibles. A partida orzamentaria o Concello de Cambre xa a ten, e se é necesario ampliála, el cre que tampouco ían ter ningún inconveniente en facelo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto di que está ben, que entón se isto se recolle na proposta eles votarán a prol. Parece ser que o PP non ten inconveniente en incluír eses dous puntos, sobre todo se o segundo xa está previsto nos orzamentos, e o primeiro é simplemente colaborar coas asociacións feministas e demais, cando queiran facer actividades en Cambre.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa en funcións para manifestar que sen ningún problema se recollen eses puntos.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que mantén o voto da comisión, a prol da proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria coas modificacións propostas polo grupo municipal do BNG, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: A adhesión do Concello de Cambre á rede de entidades locais en contra da violencia de xénero, así como a aceptación dos compromisos establecidos no Protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias de data 12 de setembro de 2012.

Segundo: Colaborar coas actuacións que leven a cabo no Concello de Cambre as asociacións feministas, ou outras asociacións, a prol das mulleres maltratadas.

Terceiro: Comprometerse a que os Orzamentos xerais do concello durante a presente lexislatura contén cunha aplicación destinada a sufragar medidas de loita contra a violencia de xénero.

2.2. Proposta de aprobación de contía de prezo público correspondente ao acordo núm. 1 regulador do prezo público por actividades culturais – Xuntanza do Maior

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 20 de xuño de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 25 de xuño de 2013.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo parécelle ben o tema da xuntanza, pero tamén entenden que no momento en que se está actualmente hai que priorizar, e ao mellor hai cousas máis importantes que estes temas. Non obstante, tendo en conta que o van facer, gustaríalles saber se hai posibilidades de abaratar o custo, porque entenden que 21500 euros para unha xuntanza dun día, aínda que se conte con que sexan 700 persoas as que asistan, parécelles bastante excesivo, e tamén saber se se contou coas distintas asociacións da terceira idade do concello á hora de participar ou colaborar na organización deste evento.

Toma a palabra a Sra. presidenta para explicar que o que hoxe traen aquí non é a xuntanza do maior, é a aprobación do prezo público, simplemente iso, cando se organice a xuntanza contarán, como sempre, con todas as asociacións, por suposto. Todos eses temas que comentou o Sr. concelleiro miraranse, pero no seu debido momento.

Don José Manuel Lemos Seoane manifesta que, entón, entenden que para o tema do prezo non se falou con eles. Pregunta de onde sae ese custo, se é que se pediu algún tipo de orzamento, ou se se trata dunha estimación aproximada e pode baixar dese prezo.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que supón que todos terán o estudo económico que figura na documentación. Só hai que facer o cálculo de 21000 euros entre 700 para ver que sae a 30 euros por persoa, é dicir, o concello asume a maioría do custo da actividade, e os usuarios achegan unha porcentaxe.

Sobre o prezo do servizo, o que é a prestación do servizo, como se ve no estudo económico, aparecen 17000 euros, o resto é custo do persoal, o transporte, ese tipo de cousas, que é un prezo máis ou menos pechado. Sobre o material, evidentemente, haberá que pedir no seu momento ofertas e aí, na licitación, si que se poderá elixir a oferta máis baixa e aforrar diñeiro, pero é onde van ter marxe. Isto vai ir ao mellor postor e o que mellor oferta presente o organizará.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que van manter o voto da comisión e vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el entende que o prezo vai en relación coa xente que concorre a este tipo de actos. Faise unha estimación da xente que vai asistir e así estímase un prezo. Por outra parte, como dixo o Sr. Andreu, se non entendeu mal, vanse pedir orzamentos á xente que vai ir prestar o servizo. Non obstante, el cre que deberían ter en conta tamén o que recomenda a Intervención municipal, que sinala que neste momento que se está a vivir, neste momento de crise, habería que intentar que se sufragara un pouco máis do 19% que van pagar os asistentes. Cre que ao mellor habería que intentar axustar un pouco máis o prezo e que a porcentaxe fora un pouco máis elevada que o que estiman aquí, porque un 19% parécelle que é bastante pouco neste tipo de eventos.

Conclúe dicindo que van manter o voto das comisións, abstención.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren facer unha consideración, é certo que o que se debate aquí é unicamente o prezo público, pero xustamente o que iso supón para o concello, ao modo de ver dos nacionalistas, fai necesario facer unha serie de reflexións.

A eles parécelles, efectivamente, un custo elevado, é dicir, as arcas públicas teñen que soportar por cada comensal practicamente 25 euros. Eles están a prol da celebración deste tipo de eventos, entenden que é unha cuestión que, na medida do posible, debe ser abordada dende o consenso xeralizado dos grupos do pleno municipal, porque é algo sempre espiñento, que pode ser problemático, porque el entende que a ninguén lle apetece suspender ou nin sequera facer algún tipo de modificación sobre unha actividade deste tipo.

Eles vanse abster, pero dende aquí lanzan publicamente unha proposta ao equipo de goberno, que saiba que vai contar co apoio do BNG para todo o que sexa reformular este tipo de eventos que eles consideran que non son per se, pola súa natureza, o tipo de eventos que debera facer o Concello de Cambre. Non polo que teñen de reunirse, de xuntar xente de diversas parroquias, de facer unha xornada de confraternización, pero si pola que está caendo, é dicir, cando se están ampliando os períodos de bases para cotizar á Seguridade Social, anos de idade laboral, con toda a crise que están tendo, a eles parécelles isto un pouco forte, por iso propoñen que se camiñe cara a outro modelo, por exemplo o que se está facendo, como noutros moitos concellos, pero neste caso nun municipio veciño, o Concello de Oleiros, onde tamén hai máis ou menos o tema das merendas, ou incluso o entroido dos vellos, onde se prima a parte de convivencia humana, de intercambio entre os veciños, de lecer entre a xente, e a xente nomeadamente maior do concello, pero habendo unha instalación e unha infraestutura por parte do concello, cada persoa, cada asociación, cada grupo leva o seu, uns levan filloas, outros levan rixóns, empanada, tortilla, etc., e faise algo que no fondo é máis participativo, que no fondo é máis proactivo, e saen un pouco deste sota, cabalo, rei, de sube no bus, ven á paparota, e tal.

Conclúe dicindo que, en todo caso, isto existe, entenden que debe seguir así, pero entenden que se deben axustar os prezos ao máximo e, na medida do posible, ser un pouco imaxinativos de cara ao futuro para poder desembarazarse de parte do custo que isto supón, e a maiores ser quen, dende o concello, de realizar actividades que sexan máis participativas e en certa maneira máis novidosas.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que el mantén o voto da comisión, que foi favorable.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que, en relación co tema que acaba de expoñer o Sr. Taibo, eles evidentemente están de acordo, este é un prezo público, e na medida do posible debería ser sufragado polos usuarios, tamén é certo que veñen dunha tradición na que este evento se organizaba a un prezo popular que lles parece máis que razoable. Este ano hai un pequeno aumento precisamente para que os usuarios da actividade participen un pouco máis do que é o gasto, pero ao final eles son os beneficiarios.

Por outro lado, do que dixo o compañeiro Sr. Carballada, seguramente as actividades que propón son compatibles, e seguramente tamén teñen moito éxito, pero o certo é que esta é probablemente a actividade de maior éxito, entre comiñas, do municipio, probablemente porque está en gran medida subvencionada polo concello. Non teñen moitas actividades, ou incluso atreveríase a dicir que ningunha no Concello de Cambre, onde participen 700 ou 1000 persoas.

El cre que este é un tema que a todos lles agrada, cre que ten unha función social importante, explicábase o outro día nas comisións, hai moitos veciños que soamente se ven nesta xuntanza do maior, ademais organízase noutros moitos concellos da comarca, iso non quere dicir que non se poida modificar, ou que non se poida traballar noutras direccións, pero a eles parécelles importante mantelo, pero mantelo dentro duns criterios de razoable estabilidade, no sentido de que os usuarios acheguen un pouco máis, pero non unha barbaridade máis, porque entón o que farían sería desvirtuar a actividade. Conclúe dicindo que esa é un pouco a liña que están seguindo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a seguinte contía de prezo público correspondente ao acordo núm. 1 regulador do prezo público por actividades culturais:

ACTIVIDADES SOCIAIS PARA A TERCEIRA IDADE	TARIFA
Xuntanza de maiores	8,00 euros

Segundo: Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no *Boletín Oficial da Provincia* segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

2.3. Proposta de desafectación e afectación simultánea da vivenda do conserxe do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 20 de xuño de 2013 que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Levar a cabo a desafectación de destino do local ata o de agora destinado a vivenda de conserxe, sito na rúa Wenceslao Fernández Flórez núm. 14, Cambre 15660, dentro do recinto do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, con referencia catastral 3136801NH5933N0001QX, e simultánea afectación a servizos

administrativos e/ou comedor no devandito centro.

Segundo: Someter o expediente a información pública por prazo dun mes no taboleiro de anuncios do concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, para que poidan formularse as alegacións que se estimen convenientes.

Terceiro: De non formularse reclamacións durante o trámite de información pública, considerarase aprobada definitivamente a desafectación e simultánea afectación da citada vivenda.

Cuarto: Remitir o acordo definitivo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Quinto: Remitir o acordo definitivo ao Rexistro da Propiedade co fin de que se tome razón del mediante nota marxinal e inscribilo no Inventario de Bens da Corporación, que se está a elaborar, coa cualificación de ben demanial destinado ao servizo público de educación.

Sexto: Remitir o acordo á Dirección Xeral do Catastro.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 25 de xuño de 2013.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo considera que dunha forma irresponsable hoxe tráese a pleno un conflito de intereses entre un traballador do concello e a comunidade educativa do colexio Wenceslao Fernández Flórez. Din isto porque é denunciante que por parte do goberno municipal e por parte da Xunta de Galicia, unha deficiencia no número de prazas e, polo tanto, nas instalacións do colexio Wenceslao Fernández Flórez, desemboque neste problema que hoxe se pon enriba da mesa. Entenden que a responsabilidade neste tema é do goberno municipal por non ter a previsión das necesidades de novas aulas, tendo en conta o incremento demográfico que está sufrindo o municipio, e por outra parte da Xunta tamén, que parece que en temas de educación toca como sempre de oído.

Evidentemente, pónense enriba da mesa unhas necesidades da comunidade escolar, a necesidade de habilitar novas aulas e, pola súa parte, evidentemente, ante un conflito de intereses, un interés particular e un interés xeral, como é o de escolarizar aos nenos, van a decantarse, neste momento, polo interese xeral, de todas formas, isto non pode saírllle gratis ao goberno municipal.

Continúa dicindo que lles preocupa que non se teña buscado un acordo co traballador municipal, para que non saian prexudicados nin el, nin a súa familia. É necesario que se dean vías para solucionar este problema, dunha forma en que nin o interese particular, nin o interese xeral, saian prexudicados. Entenden que é obrigación do goberno municipal buscar unha fórmula para facilitar unha nova vivenda, dunhas características similares ás que agora vén disfrutando, ao conserxe do centro educativo, ou ben chegar a un acordo ou a unha compensación económica para poder arrendar pola súa conta unha nova vivenda.

É algo que deixan enriba da mesa porque entenden que vai máis aló do que hoxe se trata, pero si é certo que por parte do seu grupo van estar moi pendentes da solución que se lle vaia dar a este problema, sobre todo no tema de buscar unha solución ao problema particular do conserxe e da súa familia, nese sentido vanlle esixir un esforzo negociador e solucionador ao goberno municipal para que ningunha das dúas partes quede prexudicada.

Reiteran que lles preocupa a falta de previsión do goberno municipal e da Xunta de Galicia en canto ás instalacións do colexio Wenceslao Fernández Flórez, que na actualidade son absolutamente insuficientes para acoller a demanda educativa das familias de Cambre. Entenden que esa ampliación do centro educativo da que lles falon na comisión informativa, que xa conta cun proxecto e que se vai levar a cabo, tarda en chegar, cren que isto tería que estar xa xestionándose dunha forma real e eficiente, e o que agardan é que non se dea carpetazo a este problema prexudicando os intereses do traballador municipal.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que eles, ou polo menos el, que é o concelleiro de Réxime Interior, dende que tomou posesión do cargo e o alcalde lle encomendou esta tarefa, ten intentado por todos os medios ser o máis conciliador posible coas necesidades, problemas e situacións laborais de todos os traballadores. De feito, non foron poucos os problemas que se atopou cando chegou aquí, supón que algúns deles o Sr. concelleiro os coñecerá, problemas que se foron solucionando, como por exemplo a revisión dos postos de traballo, que se está negociando con todos os sindicatos, cunha liña dun bo acordo. Estase traballando e estase traballando intensa e positivamente, iso en liñas xerais, despois hai problemas puntuais.

El xa explicou na xunta de voceiros e nas comisións informativas que este tema se remonta a hai bastantes meses, probablemente máis dun ano, e dende ese tempo, e dende antes incluso, teñen intentado buscar todas as vías de acordo, polo menos as que estaban nas súas mans. Pero é posible, e el asume a parte de culpa que poida ter, que ao mellor se teñan quedado curtos e que teñan que darlle un novo empuxón a isto, por iso el recolle a súa proposta, e volverán a intentalo, pero realmente fáiselles difícil, porque hai traballadores e persoas coas que é fácil chegar a acordos, e hai outras coas que non o é tanto.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que neste asunto queda clara a forma de xestión que ten o goberno do PP, que é unha xestión nula, totalmente nula á hora de negociar, e así o levan vivindo dende hai dous anos, non simplemente neste asunto. Levan dous anos gobernando, non levan dous o oitos meses como para dicir que se atoparon con este problema e que non teñen outro remedio que solucionalo desta forma.

Di que vaia por diante que están de acordo en que priman as necesidades do colexio, por suposto, pero nas comisións, o seu grupo preguntoulle se tiña falado cos sindicatos e que opinión tiñan os sindicatos, e o Sr. Andreu contestou que os sindicatos non se pronunciaron. Di que eles falon onte cos tres sindicatos deste concello e os tres dixeron que hai meses que o Sr. Andreu simplemente lles

comunicou que ía facer o que vai facer agora, non lles deu lugar nin a pronunciarse, é máis, asombráronse porque tiveron coñecemento pola prensa de que traían este asunto ao pleno, cando se trata dun traballador municipal. Esa é a forma que o Sr. concelleiro está dicindo que ten de negociar e de xestionar.

A Consellería, no escrito do 29 de xuño do 2012, no punto dous, di que tendo coñecemento de que por parte do Concello de Cambre se vai substituír ao conserxe como titular do servizo de conserxería do Wenceslao Fernández Flórez de Cambre, cómpre adoptar tamén as medidas necesarias para que abandone a vivenda sita no centro, xa que é necesaria para a ampliación dos diversos servizos educativos do devandito centro. Di que están falando do ano 2012, e a Consellería xa tiña coñecemento de que o equipo de goberno ía substituír ao conserxe. É o 2013 e seguen co mesmo problema, e agora o traen enriba da mesa.

Conclúe dicindo que tamén quedou claro, nas comisións e na proposta, que non saben a día de hoxe a que se vai dedicar a casa do conserxe, poden ser aulas, pode ser comedor, pode ser, pode ser, pode ser. Di que eles como dende logo non teñen confianza no “pode ser” que ten o PP, neste caso vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que dende o seu grupo, e dada a complexidade que ten este tema, estanse formulando dous problemas de moita importancia, por un lado a desafectación da casa do conserxe, que vén sendo a súa vivenda habitual e que, polo tanto, trátase do desafuzamento dunha familia da súa casa, e por outra parte as necesidades de ampliación de diversos servizos do colexio, que poden destinar a aulas para estudo, servizos administrativos ou comedor.

Entenden que non consta no expediente, que non se acreditan as necesidades concretas desta ampliación, non se concreta a que se vai destinar. A Sra. concelleira dixo nas comisións que se ían preparar tres aulas, pero non hai un documento fehaciente que avalie que se vaian facer esas tres aulas, e eles entenden que debería habelo.

Son conscientes de que existen carencias nas instalacións de ensino público do Wenceslao Fernández Flórez, e eles non se negan a que se amplíe o colexio, a que se mellore a calidade da ensinanza, pero trátase dun tema sumamente importante, e o seu grupo vai solicitar que sexa retirado da orde do día, que se deixe enriba da mesa, que traten o tema co respecto e a importancia que se merece, que se concrete que proxectos se van facer, que se fale de ratios de alumnos, porque el non viu en ningún sitio eses datos. A mesma Sra. concelleira dicía o outro día que para o ano que vén non hai necesidade de ampliación do colexio e que non vai haber problemas en canto á escolarización nin ao comedor, iso dicía nas comisións. Tamén se dixo aquí que hai un proxecto, pero el non viu ningún proxecto concreto.

Toma a palabra a Sra. presidenta para explicar que hai un proxecto de ampliación para a parte nova.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que el estase referindo a un proxecto de ampliación do colexio para o que se vai desafectar esa vivenda, polo tanto eles

solicitan, se ten a ben o goberno, que este punto se retire da orde do día, que se deixe enriba da mesa e que se trate coa importancia que merece o tema, do contrario o voto do seu grupo será abstención.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre explica que, evidentemente, sobre este asunto non hai ningún proxecto, e polo tanto non poden pedilo, xa o explicou nas comisións, pero volve explicalo agora sen maior problema. A Xunta non vai dispoñer dese local, desa vivenda, ata que o Concello de Cambre faga a desafectación e afectación simultánea, e ata ese momento a Xunta non vai dicir que proxecto vai facer porque ao mellor non vai poder dispoñer dese espazo. Depende da vontade do pleno, porque o goberno municipal non está en maioría, se quere desafectar ou non quere desafectar, pero as necesidades son as que son.

Eles xa dixeron que esta é unha solución a curto e medio prazo, pero probablemente a longo prazo terán que buscar outras solucións, que todos saben que pasan polo Plan xeral, saben que teñen que habilitar terreos para novas instalacións educativas en Cambre, porque no futuro sen ningunha dúbida as van necesitar, pero a curto prazo si que hai outras necesidades. Explicouse tamén nas comisións pola Sra. concelleira que hoxe exerce de alcaldesa, que é necesario facer dúas aulas de infantil neste centro, porque hai dúas que están en pésimo estado, e tamén hai que ampliar o comedor escolar para que non haxa problemas, para que non haxa nenos que se queden sen praza.

Di que esas son as necesidades urxentes e que teñen que tratar agora, e que se non se aproban neste pleno, dificilmente se van poder afrontar para o vindeiro curso, por iso na súa vontade non vai estar retirar o asunto, porque cren que é o momento no que teñen que facelo e probablemente xa van con algo de atraso.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el pensa que a vontade do pleno vai en función das necesidades que, como dixo antes, non están debidamente xustificadas. Di que claro que non retira este punto da orde do día porque xa ten asegurado que se vai aprobar, por iso non o retira.

Di que cada un ten que ser responsable dos seus actos, e por iso el dixo que o seu grupo se vai abster, iso baseándose no que dixo antes, parécelle que este tema merecía outro trato.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo están moi sorprendidos con este punto da orde do día. Dende logo as explicacións que lles dan non lles parecen xustificables para o atropelo que se pretende facer con este empregado. Laboralmente non é aceptable, quitarlle uns dereitos a un traballador así, porque no pleno se decide e porque a Xunta necesita ampliar o colexio, coa chantaxe da comunidade educativa, parécelles que é unha maneira de facer unha chantaxe.

Entenden que, se necesitan ampliar o colexio, haberá que facelo, pero non botando a un traballador que ten uns dereitos adquiridos. Isto, laboralmente, como traballadores non e aceptable, e como veciños é unha vergoña. Eles, dende o BNG, antes cortan a man que levántala para desaloxar a un veciño de Cambre, a unha familia de Cambre

da súa vivenda, co cal o seu voto non vai ser abstención, indudablemente que non, van dicir que non.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PdeC e voceiro do GM, manifesta que el cre que aquí o que hai é un problema de fondo, como teñen comentado antes os compañeiros que lle precederon na palabra, entre un funcionario municipal e unha comunidade educativa, e el cre que é unha escusa o que presenta esta comunidade educativa, para botar a unha familia da súa vivenda.

A el persoalmente, e sen acritude, non lle parece ni ético nin moral por parte do concelleiro de Réxime Interior, que é quen asina esta proposta, desafiuar a unha familia dun día para outro e sen comunicarlle nada, porque isto é un desafiuamento en toda regra, dun día para outro, amparándose nunha desafectación, por unhas carencias que realmente non saben aínda cales son. Non saben o que se quere facer con esa vivenda, porque a resposta que o outro día deu a concelleira de Educación foi moi ambigua, non se sabía nada, pero si se sabía que tan pronto estivera desafectada a vivenda, xa había un proxecto para facer unha obra de non sabe que.

Di que se está falando aquí de que hai dúas aulas de infantil que están en moi mal estado. Esas aulas están agora mesmo baleiras, a Consellería podería estar traballando nelas. El está convencido de que se este punto sae adiante, no mes de setembro a vivenda deste funcionario vai estar nas mesmas condicións que está agora, e que non se vai facer absolutamente nada. Isto é unha escusa que se pon para desafiuar a unha familia que leva vivindo máis de 20 anos aí. Por todo isto o seu voto, dende logo, non vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, simplemente por matizar un pouco a posición do goberno, eles explicaron que esta iniciativa non xurdía do equipo de goberno, o equipo de goberno ten coñecemento da situación de todos os colexios, son conscientes de todos os conflitos e das necesidades educativas que pode haber neste concello, as corruxarán de mellor ou peor forma, pero a eles esta petición en concreto quen llela fai é a comunidade educativa e a Xunta.

Di que a súa situación é que dun lado teñen o interese xeral, as necesidades da comunidade educativa, e do outro lado teñen un interese particular dunha persoa. Teñen que valorar e teñen que tomar decisións, pero isto non é unha competencia deles, se fora competencia do goberno a decisión xa se tería tomado. Como xa lles dixo tanto na xunta de voceiros como nas comisións, se este tema o teñen tomado con tanta calma e o teñen mastigado tanto, é porque non estaban seguros, pero ao final dun lado o que teñen son unhas necesidades, un interese xeral, e doutro lado teñen un interese particular. Eles, se teñen que elixir, teñen que elixir o interese xeral, non poden elixir o interese particular, por moito que lles doa o dano ou prexuízo que lle están causando a unha persoa, pero dun lado teñen aos nenos, aos profesores e aos pais, e doutro lado teñen a un traballador municipal, e non hai solucións intermedias neste momento.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD, integrante do GM, manifesta que neste tema coincide co voceiro do grupo socialista en que ao mellor habería que ver a posibilidade de negociar algunha saída que fora beneficiosa

para a familia, está totalmente de acordo. Tamén é certo que este funcionario á hora de xubilarse terá que abandonar esa vivenda, igual que fixo o seu predecesor, ou sexa, vai quedar igual fóra da vivenda. Ao mellor, se agora poden chegar a un acordo con el, e que vaian as cousas de boas maneiras, sería o ideal e non pasaría nada, utilizaríase o local para o que lle sexa necesario á comunidade educativa.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno expón que hai unha manifestación que se fixo por parte do voceiro do PP que el cre que é absolutamente incerta. A vivenda non se vai poder utilizar o vindeiro curso como aula, ou como instalacións de carácter educativo, comedor ou administrativas, baixo ningún concepto, porque a tramitación do procedemento, máis o lanzamento se chegara o caso, e máis a reforma que é necesario acometer para que poidan acoller aos nenos, no vindeiro curso non pode levarse á práctica, iso xa de entrada.

Evidentemente eles reiteran algo que non se lles ten demostrado a pesar das manifestacións do Sr. Andreu, que se teña levado dunha forma fehaciente e sería as negociacións co traballador para intentar chegar a un acordo e buscar unha fórmula de compensación económica, ou ben, facilitándolle outra vivenda.

Reitera que a súa responsabilidade é defender o interese xeral, pero non con estas carencias e, dende logo, subscribe o que comentou o compañeiro de EU en canto a que se retire o punto da orde do día, para buscar coa maior brevidade posible unha solución consensuada entre todos os grupos, que dende logo satisfaga as necesidades do traballador municipal e da súa familia. Se non se retira, o voto do seu grupo vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que se suman á iniciativa de EU de deixar o asunto sobre a mesa, e tamén quere matizar un pouco as palabras de don Felipe Andreu cando dixo que todos eles sabían que estes temas pasaban polo Plan xeral. Di que eles si o saben, pero o que teñen claro é que o equipo de goberno non sabe que a ampliación ou o posible novo colexio pasa polo Plan xeral, porque está totalmente parado, todos saben a moita importancia que ten neste municipio o Plan xeral, todos menos eles, que o están demostrando mes a mes.

Tamén dixo o Sr. Andreu que se o tiñan tomado con tanta calma e mastigado tanto foi pola importancia que ten o tema, pregúntalle se entón non era urxente, porque están falando do 2012, pregúntalle que é iso de tanta calma e mastigando. Tamén lle pregunta se falou con algún membro da oposición sobre este tema antes do día das comisións, porque co seu grupo non, e se é urxente e é importante para o municipio, o que teñen que facer é negociar con todos, co afectado, coa Xunta de Galicia e negociar, por suposto, coa oposición, para así chegar a acordos, pero o de chegar a acordos non o teñen claro, e aínda que recoñecen moitas veces que este goberno non está en maioría, pois parece que tampouco iso o teñen claro.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que ela quere contestarlle ao Sr. Andreu, porque dixo que é un interese particular dunha persoa, frase textual, fronte á comunidade educativa. Parécelle que está clara a estratexia, é dicir, non fai falta ser moi entendido para ver que aquí se intenta poñer á comunidade educativa como escusa. Di que non están a falar diso, indudablemente se o colexio hai

que ampliálo pois terá que facerse, pero non están a falar diso. A eles o que lles escandaliza é que se confunda o interese particular dunha persoa, cos dereitos dun traballador. Dixo o Sr. Marante que o día que se xubile tamén terá que deixar a vivenda, efectivamente, pero mentres el estea en activo ten ese dereito, o día que se xubile ao mellor é o momento de cambiar esas cousas, igual que todos os dereitos que teñen os traballadores, porque é que segundo isto, ela pode chegar mañá á empresa na que traballa e que lle digan que lle quitan isto, iso e aquilo, porque tamén o vai perder cando se xubile. Di que iso non é así.

O que si lle quere preguntar ao voceiro do PP é que dende o BNG teñen noticias, non sabe se son certas, é unha pregunta, de que o 20 de xuño se iniciou un expediente sancionador contra este funcionario. Di que moito se temen que detrás de todo isto, desta chantaxe e demais, haxa un problema laboral. Gustaríalle que lles comentase que informes hai en canto a iso.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que supón que a Sra. concelleira entende perfectamente que el sobre situacións particulares non pode falar, nin en público nin en privado, entón non lle vai contestar á última parte da súa pregunta. Os expedientes municipais están á súa disposición para consualos, se algún deles está finalizado, así que cando o queira consultar pode facelo sen ningún problema, pero en público el non pode falar sobre situacións particulares dos traballadores municipais.

Reitera que hai persoas coas que é fácil negociar, e outras persoas coas que non é tan fácil, e non só cos traballadores, senón tamén cos políticos. Este tema é sinxelo, se hai algunha posibilidade de que as obras se poidan facer ou de que se poida utilizar ese edificio, aínda que sexa de almacén, para habilitar outras zonas dentro do colexio como comedor ou como aula, se agora o deixan enriba da mesa, para o próximo curso saben que xa non vai ser.

De todas formas, xa polo que teñen anunciado, se o equipo de goberno non retira o asunto, non se vai aprobar, entón, como non se vai aprobar, terán que ver, pero a responsabilidade se hai algún problema, evidentemente, non será do goberno. Di que eles están facendo o que teñen que facer, ou polo menos o que cren que teñen que facer. Eles teñen un problema, teñen que tomar unha decisión, e para eles o máis sinxelo, e persoalmente para el tamén, sería non facer nada, e deixar que este problema se seguira enquistando, como se leva enquistando durante moitos anos, porque ese é o problema real, que isto se leva enquistando moitos anos.

Conclúe dicindo que hai que tomar decisións, e eles están aquí para tomalas, hai decisións que lles competen a eles, e hai decisións que lles compete propoñelas ao pleno. Di que el as propón, e asume a súa responsabilidade facéndoo, os demais tamén terán que facelo, e se hai unhas necesidades, se hai un conflito, cada un terá que saber de que lado e por que motivos se posiciona dun lado ou doutro.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López manifesta que o Sr. Andreu falaba antes dunhas necesidades e dun interese xeral. De verdade lle di, que se el vira esas necesidades ou vira ese interese xeral, de verdade que o seu voto sería favorable, pero é que o mesmo Sr. concelleiro se desdía, di que hai unhas necesidades,

pero ao mesmo tempo está divagando sobre o que hai que facer, se almacén, se aula, se comedor, realmente non saben o que queren facer aí, nin as necesidades que hai, porque senón con esta proposta viría adxunto un proxecto do que se quere facer, ou polo menos unha proposta da Consellería de Educación.

Por todo isto é polo que el ve outro trasfondo neste asunto, así que baixo ningún concepto vai votar favorablemente.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que eles a cuestión xa a explicaron, e as necesidades as coñecen, explicaron que hai necesidades de tres ou catro tipos. O colexio necesita espazo administrativo, espazo para a ANPA, espazo para o comedor e espazo para as aulas, necesita esas catro cousas, pero o colexio non dá máis de si. A única posibilidade, antes de levantar unha nova edificación, é esa, pero saben que a limitación que teñen é a do Plan xeral, aquí no seu momento se adquiriron uns terreos para un novo colexio, e todos saben cales foron as condicións nas que se adquiriron.

Di que eles intentan solucionar os problemas, e xa dixeron que esta non é a solución definitiva, é unha solución a curto e como moito a medio prazo, nada máis, e os problemas están aí, non van eles a dicirlle á Xunta como ten que organizar despois os espazos, saben que hai esa necesidade, despois que o organicen como eles queiran, pero que presten o servizo. A el dálle igual que haxa un proxecto ou que o deixe de haber, el o que ten que facer é cumprir coa súa parte, a el a comunidade dille que hai unha necesidade e el toma as decisións que lle competen para intentar solucionar ese problema, o que lle compete á Xunta, que o solucione a Xunta, que é o que ten que facer, pero polo menos que non se lle achegue a el a responsabilidade.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta a súa satisfacción polo feito de que outros grupos decidan apoiar a súa proposta para que este punto quede enriba da mesa, porque para el tería pouco sentido que hoxe se aprobara e que logo se comezara a negociar, sería un contrasentido, pregunta con que base se podería negociar despois.

Nese sentido manifesta novamente a súa satisfacción e agradece aos grupos a súa postura, porque hai outro lugar distinto ao pleno para tratar este tema, e coincide co Sr. Andreu en dicir que non é o momento, aquí no pleno, para falar de expedientes.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que comentaba o Sr. Andreu que hai persoas coas que se pode negociar e outras que non, o problema é que cando hai dúas partes que negocian, e eles non teñen participado na negociación, non saben quen é o culpable de que a negociación non vaia adiante, e como se coñecen, e como a ausencia de negociación é un claro exemplo que teñen hoxe neste punto por canto non se ten falado con ningún grupo para buscar unha solución consensuada, el, de verdade, o beneficio da dúbida en canto á negociación, neste caso dállo ao traballador municipal.

Dito isto, di que entenden que se non hai capacidade ou vontade para retirar este punto da orde do día e buscar un acordo, vía xunta de voceiros, vía comisións informativas, ou o que se considere oportuno, eles, dende logo, demandan que se lles

traia xunto coa documentación anexa a este tema, unha oferta por escrito, razoable e que se teña entregado ao traballador, coa resposta en canto á súa negativa ou non, queren ter non só a palabra do Sr. concelleiro, senón que queren ter a certeza de que houbo unha oposición á negociación. Reitera que para el merécelle toda a confianza neste caso o traballador.

Tampouco estaría de máis que se trouxera unha proposta sobre o que se quere facer con esa instalación, que reforma se quere acometer, se vai ser para instalacións administrativas, para aulas ou para comedor escolar. Cre que iso ten que estar xa nestes momentos claro, e non pode estar voando sobre o pleno sen que se lles dea unha xustificación concreta de que se quere facer con ese espazo que se quere desafectar.

Reitera que o intelixente ante un tema como este, ante eses intereses contrapostos e xa non só o intelixente, senón o adecuado e correcto, sería retiralo da orde do día e buscar un acordo de todos os grupos que intente dar unha solución definitiva a isto, sen que ningunha das dúas partes saia prexudicada. Di que non se trata de botar a culpa a ninguén, senón de buscar unha solución e cre que se hai vontade é factible de acadarse en pouco tempo.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que sobre o comentario da confianza e de que se coñecen, si, evidentemente se coñecen, e o Sr. Augusto sabe perfectamente que el é unha persoa que mantén a súa palabra ata o final, sempre. Sabe perfectamente que se dá a súa palabra, esa palabra vai a misa, esa palabra mantense sempre, el é así, e cre que llelo ten demostrado nesta lexislatura unhas cantas veces.

Sobre o tema do proxecto, xa lle dixo que non o hai. Pero non o hai por varias razóns, primeiro porque a Xunta ten distintas opcións para reorganizar os espazos, e segundo porque non vai facer un proxecto sobre unha edificación da que non sabe se vai dispor ou non.

E sobre a oferta ao traballador que o Sr. Rey quere que lle dea por escrito, di que el non lle ten insinuado que lle teña feito unha oferta económica ao traballador, de feito non lla fixo, nega taxativamente que teña feito nin unha proposición, nin económica, nin sobre facilitarlle outra vivenda, el iso non o fixo en ningún momento.

Cre que xa lles explicou nalgunha outra ocasión, non sabe se foi na xunta de voceiros ou foi nas comisións, de onde vén a orixe dos conserxes nos colexios. Isto vén doutra época, onde os medios eran outros, onde os colexios necesitaban unha vixilancia as 24 horas, porque non había medios tecnolóxicos que permitiran telos vixiados como si hai agora. Agora teñen alarmas conectadas coa policía e non é necesario. Di que non van a confundir os dereitos dos traballadores cos dereitos que ten un conserxe de instalacións educativas, aquí non hai ningún dereito consolidado, non hai ningún. Se houbera algún dereito consolidado, evidentemente a súa actuación non sería esta, si que pasaría por unha oferta, pero non hai ningún dereito consolidado porque este non é un dereito dos traballadores, non é un dereito dos conserxes de instalacións educativas, porque hai máis conserxes de instalacións educativas que non teñen vivenda, por exemplo o do Graxal, é dicir, que hai conserxes que a teñen e conserxes

que non, e non hai ningunha diferenza salarial entre os que a teñen e os que non a teñen, aquí non hai ningún dereito adquirido, nin por uns nin por outros, a situación é esa.

Segue dicindo que se o que van facer é absterse todos, como isto require maioría absoluta, só co voto do goberno municipal non se vai aprobar. Se eles avanza que se van abster, e se a opción que teñen para aprobalo, porque están convencidos de que hai que facelo, é retirar agora este punto e sentarse a semana que vén para entre todos intentar chegar a un acordo, por suposto, non teñen ningún problema en facelo, a outra opción sería case suicida, sería votar sabendo que non se vai aprobar.

Conclúe dicindo que o deixan, pero o que si lles di é que no seu interese está solucionaralo canto antes. Se poden convocaralos para a semana que vén, a poder ser pediránlle o esforzo ao Consello Escolar, que como saben a partir da próxima semana está de vacacións, para que acudan polo menos algúns membros á reunión a facer a súa exposición, e despois poden deliberar eles tranquilamente.

Ante as manifestacións do resto de concelleiros, o Sr. Andreu explica que as condicións da reunión se queren as negocian noutro momento, non teñen ningún problema en convocar a semana que vén unha reunión para tratar este tema e intentar chegar a un consenso.

Concedida a palabra a don José Antonio Orosa Fernández, concelleiro de UxC, manifesta que se o Pleno é o órgano de representación, e se doce concelleiros están dicindo que se deixe enriba da mesa, como mínimo carácter democrático non ve o inconveniente para que así se faga.

A Sra. alcaldesa en funcións manifesta que é o que se vai facer.

Don José Antonio Orosa Fernández di que xa o sabe, pero que cando levantou a man aínda non o dixeran o voceiro do PP.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño expón que lle gustaría, se é posible, que o Sr. Andreu matizase unha cousa antes de deixar o asunto enriba da mesa. Dille que o ten intrigado, porque onte nas comisións preguntáronlle se tiña falado cos sindicatos, os sindicatos non se tiñan pronunciado, e xa explicou antes por que non se pronunciaron. Tamén lle preguntaron se tiña chegado a algún acordo co interesado, e as palabras textuais do Sr. concelleiro foron que co interesado non se chegou a un acordo porque é imposible chegar a un acordo.

Entón, se non lle propuxo nin un acordo económico, nin un acordo sobre a súa vivenda, pregunta que tipo de negociación lle propuxo para chegar a un acordo, porque o que a el se lle ocorre agora é algo como “ou se vai vostede ou o boto eu”. Gustaríalle saber que lle propuxo para que o conserxe se negara a chegar a acordos.

A Sra. alcaldesa manifesta que cre que é mellor deixar xa este asunto para falalo despois.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que lle gustaría contestar á pregunta. Di que é

moi sinxelo, que lle vai contestar o mesmo que lle contestou á voceira do BNG, non vai falar publicamente de situacións particulares dos traballadores municipais, e se quere pode explicarlle as cousas en privado, niso non ten ningún problema, porque nunca lle teñen ocultado nin a el nin a ninguén información.

Continúa dicindo que hai unha diferenza, polo menos cando se fala de información, e o equipo de goberno procura, ou polo menos el procura non mentir, e cando lle di que este tema se tratou en varias reunións cos sindicatos, el cóidase moito de que todo o que lle di aos sindicatos se recolla nun acta. Di que xa o dixo máis dunha vez, ou mente o Sr. García Patiño ou menten os sindicatos, sinceramente os sindicatos o que escoitaron e o que dixeron consta nun acta, a única solución que lle queda é que minta o Sr. concelleiro. Di que van deixar o dos sindicatos aí, porque como tampouco é a primeira vez que o fai, tampouco lle termina de preocupar.

En canto ao tema de deixar o asunto sobre a mesa, di que o deixan, porque sobre situacións particulares non van falar, nin moito menos, en público, nin falar en ningún sitio onde quede en acta, pero a súa obrigaición, neste caso como parte empresarial, patronal, é falar, tratar todas as situacións que poidan afectar ás condicións de traballo dos traballadores cos sindicatos, e iso intentan facelo escrupulosamente, ao resto de grupos danlles a información se a necesitan, pero de situacións particulares en público deben entender que non o faga.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa en funcións para manifestar que ela cre que o tema xa se acabou, e o punto da orde do día queda enriba da mesa. Dille ao Sr. concelleiro do BNG que non está no uso da palabra, que xa o falan esta semana nunha xunta de voceiros.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, expón que simplemente quere dicir que eles non queren sacar á luz pública, nun pleno municipal, datos persoais sobre absolutamente ninguén, non é ese o obxectivo, é unha cuestión que afecta ao expediente, é dicir, que afecta ao tema que están tratando, e eles queren saber, no seu exercicio do cargo de concelleiros, se esa persoa en cuestión ten algún tipo de expediente aberto no concello. Entenden que é unha información importante, simplemente.

A Sra. presidenta reitéralle ao Sr. Carballada que non está no uso da palabra, e que non se vai falar máis deste tema e queda enriba da mesa, a próxima semana o falarán.

2.4. Proposta de aprobación inicial dunha nova ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, e derogación da ordenanza actualmente vixente

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación de data 9 de xullo de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 25 de xuño de 2013.

Visto o voto particular presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrado de entrada ao núm. 8670 o día 26 de xuño de 2013, que consta do seguinte teor literal:

“Texto do voto particular.

No artigo 2.- “Requisitos”, o enumerado en oitavo lugar: “Dispor dunha renda per cápita mensual igual ou inferior ao 45% do Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, deducindo os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda ata un máximo de 400 euros”

Propónse modificar a redacción como segue:

“Dispor dunha renda per cápita mensual igual ou inferior ao 50% do Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, deducindo os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda ata un máximo de 400 euros”.

Xustificación do voto particular:

O Indicador público de renda de efectos múltiples, en adiante IPREM, constitúe un elemento esencial de acceso na presente ordenanza, determinando o albor económico dos potenciais perceptores das axudas contempladas. O incremento do IPREM non fai, por si mesmo, unha ordenanza máis garantista, pero incrementar o IPREM ao 50% garantizará o acceso dun maior número de familias do noso concello que estean a atravesar por situacións de penuria e precariedade económica sobrevida dun contexto de progresiva deterioración económica e social da que non son responsables, só vítimas.

Incrementar o IPREM non é unicamente unha ferramenta de traballo dos técnicos de servizos sociais municipais, senón unha decisión política que reflicte o compromiso en defensa dos intereses e necesidades dos nosos veciños, especialmente dos máis desfavorecidos. Non obstante, incrementar o IPREM ao 50% facilitará o traballo de avaliación por parte dos técnicos dos servizos sociais municipais ao dispor dunha maior marxe de manobra.”

Vista a emenda da concelleira delegada de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, rexistrada de entrada ao núm. 8735 o día 26 de xuño de 2013, que consta do seguinte teor literal:

“Tendo en conta o informe da traballadora social dos servizos sociais do Concello de Cambre de data de 26 de xuño de 2013 en relación á Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

Propónse dende esta concellería unha emenda ao ditame da Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data de 25 de xuño de 2013 nos seguintes termos:

En relación co artigo 2 relativo aos beneficiarios das devanditas axudas, considero procedente engadir no punto 8, relativo ao límite de ingresos, o seguinte:

‘No caso de que haxa un único membro na unidade familiar, o límite de ingresos será o equivalente ao importe da Pensión non Contributiva (364,90 €/mensuais).’

Nos casos en que haxa máis dun membro na unidade familiar, considero procedente que o límite de ingresos para poder percibir as axudas se manteña no 45% do IPREM proposto. Isto supón un incremento do 20% con respecto á ordenanza en vigor co que xa se amplía suficientemente a cobertura da demanda de axudas actual. Ademais hai que ter en conta que a finalidade principal destas axudas é evitar posibles situacións de exclusión social e marxinalidade e non para familias e/ou persoas que xa teñan unha relativa situación de estabilidade económica.”

Toma a palabra a Sra. presidenta para explicar que á vista do voto particular e da emenda presentados ao ditame da comisión informativa, e tendo en conta que se rexistrou en primeiro lugar o voto particular, se lles parece ben primeiro o PSOE pode explicar o voto particular, logo explica ela a emenda, e despois votan tanto un como outra.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, dá lectura ao voto particular presentado polo seu grupo, tal e como foi transcrito. A continuación expón que a intención do seu grupo á hora de presentar ese voto particular é que se consiguen que unha familia máis, aínda que só sexa unha, acceda a esas axudas, o seu obxectivo terase cumprido.

Toma a palabra a Sra. presidenta para, comezando polo final, preguntar en relación co voto particular, porque din que facilitará o traballo de avaliación por parte dos técnicos dos servizos sociais municipais ao dispor dunha maior marxe de manobra, pregúntalle se non quere explicar mellor este punto, porque ela non sabe en que vai facilitar o traballo, xa que calquera persoa que cumpra os requisitos e teña ata un 50% do IPREM recibiría esta axuda. Pide que lle explique en que beneficia aos técnicos, porque ela non o entende.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas contesta que os técnicos dos servizos sociais municipais están traballando cunha ordenanza actualmente en vigor que fixa un IPREM do 25%. Eles teñen sido convocados a dúas reunións, e a todas as reunións ás que foron convocados teñen acudido. Na primeira reunión o goberno presentoulles un borrador cun IPREM do 35%, preguntaron, obviamente, por unha xustificación dese incremento do IPREM, do 25 ao 35%, a resposta foi da Sra. concelleira, que dixo que era para dar unha cobertura legal ao traballo que estaban facendo os técnicos de servizos sociais, porque se estaban atendendo casos cun IPREM superior ao 25%. O goberno propoñía incrementar o IPREM ao 35% non para atender a máis familias, senón para curarse en saúde, é dicir, para dar cobertura aos traballos que estaban desenvolvendo os servizos sociais, evidentemente con dificultades, porque cun IPREM do 25%, familias que deduzan do que ingresan a hipoteca ou o alugamento, así como os recibos básicos e fundamentais de supervivencia (luz, auga, ao mellor a gasolina para ir traballar ou a buscar traballo, ...), iso fai que a marxe económica das familias sexa exigua, ridícula, polo tanto, os técnicos municipais, con bo criterio, interpretando acertadamente a ordenanza, estiveron concedendo axudas por riba do 25%.

Conclúe dicindo que o que eles propoñen non é incrementar o IPREM do 45% ao 50%, senón que do 25% da ordenanza en vigor se pase ao 50%, consecuentemente, abren a marxe económica de valoración, están facilitando o traballo dos funcionarios.

Toma a palabra a Sra. presidenta para dicir que iso non ten explicación posible porque tamén pasaría igual co 45%, que é a última proposta que se fixo. A verdade é que ela non dá crédito a esta situación, despois de tantas reunións que tiveron, de tanto consenso, porque na proposta se recolleron sobre o 95% das propostas que fixeron tanto o grupo do PSOE como EU. Di que o goberno propuxera inicialmente un 35%, cando lles dixeron que era baixo, na seguinte reunión viñeron cun 45% e con informes dos técnicos municipais avaliando a proposta. Tendo en conta a situación económica que se vive, con esta ordenanza trátase de axudar a un tipo de persoas que están en risco de exclusión social, non se trata de axudar a todas as familias que teñan uns soldos máis ou menos baixos.

Dito isto, a Sra. presidenta propón dar lectura á emenda por ela presentada, para despois, tendo coñecemento das dúas posturas, levar a cabo a votación.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que a emenda presentada ten dúas variantes, e poden estar de acordo cunha delas, coas dúas ou con ningunha.

A Sra. presidenta dá lectura á emenda presentada tal e como foi transcrita.

A continuación, di que lle gustaría dar lectura ao primeiro artigo da ordenanza, no que se establece que a presente ordenanza ten por obxecto a regulación das medidas de apoio económico, entendendo por estas o conxunto de axudas e prestacións económicas destinadas a paliar situacións de emerxencia social, previr situacións de exclusión social e favorecer a integración plena e social dos sectores de poboación que carezan de recursos económicos propios para a atención das súas necesidades básicas. É dicir, esta ordenanza créase para axudar a persoas con risco de exclusión social, o que non se pode facer é confundir unha ordenanza de emerxencia social cunha subvención.

Explica que non se trata de dicir non porque non, a ela gustaríalle dar un 50 ou incluso un 80% a todo o mundo, encantaríalle, pero o que hai que ser é realistas. Di que ela tenlles enviado por correo electrónico unha comparativa da ordenanza de Cambre con respecto ás ordenanzas doutros concellos limítrofes. Cando é dun membro familiar, é onde Cambre estaba un pouco máis baixo que os demais municipios, e por iso a emenda que presentou para subilo a 364 euros. No segundo tramo, que sería para persoas que teñan uns ingresos de 479,25 euros, iso despois de deducir 400 euros de alugueiro ou de hipoteca, estarían falando dunha persoa que teña un soldo de 800 euros aproximadamente, e que sexan dúas persoas nada máis. No caso de que sexan tres persoas, con esta ordenanza os ingresos serían de 718,86 euros, despois de descontar o alugueiro e a hipoteca. E con catro membros serían 956 euros, despois de ter descontado os 400, é dicir, un matrimonio con dous fillos e que estea cobrando 1356 euros entraría nesta ordenanza.

Continúa dicindo que por exemplo en Arteixo, con catro membros, serían 796 euros, na Coruña 692, en Oleiros 931, ou sexa, en todos os concellos un pouco máis baixo que Cambre nas axudas de tipo medio, que se corresponde cun matrimonio con dous fillos, que é o tipo medio de familia que teñen en servizos sociais, e de aí para arriba.

Á parte disto, en Cambre, dende que se creou a despensa de alimentos, están compatibilizando tamén as axudas con esa despensa. Por todo isto, quere que quede claro que a súa proposta é que se quede co 45% do IPREM, e que cando viva unha persoa soa, se lle aumente ata o importe da paga non contributiva, mentres que a proposta do PSdeG-PSOE é que se aumente ao 50%. Trátase de elixir unha proposta ou outra.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que, co debido respecto, as dúas propostas non son incompatibles. En todo caso, ela está falando todo o tempo en primeira persoa, “a miña proposta”, “a miña ordenanza”, a administración é ela. Díxoo ela mesma e quedou moi claro, ela presenta unha emenda na que di que a finalidade principal é a de “evitar”, é dicir, unha formulación preventiva. Así e todo na ordenanza, no seu artigo 1, como ben leu, fala de paliar, é dicir, é unha ordenanza paliativa, non é unha ordenanza preventiva.

En segundo lugar, ela se saca da chistera un informe ad hoc, ese que lles fai chegar xusto un día despois de ser ditaminado pola comisión informativa o borrador da ordenanza. Xa lle dixeron o martes que a ordenanza é mellorable, ata tal punto é mellorable que o equipo de goberno xa a ten emendado en menos de 24 horas. En pleno aínda non a teñen aprobado, e eles xa a teñen emendado.

Di que a Sra. concelleira emenda como algo novedoso un incremento que os técnicos de servizos sociais, e quere lembrarllo e dicírllo publicamente, lle tiñan proposto dende o inicio mesmo da elaboración da ordenanza, pero que ela acepta a ultimísima hora. A Sra. concelleira envioulles a información que lle interesa, e cando lle interesa. Lémbrale que o informe que solicitaron os compañeiros de EU aínda non o coñecen.

Continúa dicindo que ao fío desta emenda eles teñen solicitado información respecto de a cantos beneficiarios afecta a medida que ela lles propón, ela o sabe perfectamente, porque é ela a que dalgunha maneira deu instrucións de que se pida por rexistro. El falou coa traballadora social que fai o informe para preguntarlle o grao de afectación, porque non é o mesmo que a medida agora proposta afecte a unha persoa que ao 50% de usuarios. Tiveron que pedilo por rexistro, vale, e ten a copia de presentación do escrito, e despois das 15:00 horas recibiron un informe no que se di que no que vai de ano concedéronse 287 vales de alimentos. Iso non era o que preguntaban pero, en calquera caso, si que é verdade que lles permite coñecer o grao de afección da súa emenda. Desta cantidade, 287, 13 vales foron para familias formadas por un só membro, é dicir, menos do 5% do total de beneficiarios.

Expón que a medida do PSdeG-PSOE pretende ampliar e pretende abarcar a máis do 95% restante. Di que 13 usuarios está moi ben, están de acordo, como non van a estar de acordo en que se incremente esa ratio, pero dalgunha maneira tamén pensan que non deixa de ser un brinde ao sol.

Toma a palabra a Sra. presidenta para manifestar que non pensaba ela que hoxe foran chegar ao pleno con esta tesitura. Ela cre que esta ordenanza foi unha ordenanza bastante consensuada, ten chamado aos outros grupos en varias ocasións, o xoves da semana pasada tenlles entregado a ordenanza, e poderían ter feito calquera anotación co fin de corríxila antes de traela a pleno. O martes, de súpeto, din que non, que se non é co 50%, que de ningunha maneira. Ela o que non pode entender é que pase iso despois de ter consensuado a ordenanza. Con ese 50% o que consiguen, por exemplo, é axudar en servizos sociais a un matrimonio con dous fillos que gane 1500 euros, e pola contra, unha persoa que teña unha paga baixa e viva soa, que case ten os mesmos gastos de casa e de gastos fixos que unha familia máis ampla, non lles parece importante.

Explica que a emenda que ela presentou vai nese sentido, conservar o 45% e chegar ata a paga non contributiva cando viva unha persoa soa no domicilio.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que volve reiterar o “min, me, comigo”. Como lle dixo anteriormente, ela vailles dando a información que lle interesa e cando lle interesa. Onte a emenda, hoxe a comparativa, unha comparativa onde pretende xogar con eles ao gato e ao rato. Vailles dando migallas polo camiño, onte isto e hoxe o outro, con datos virtuais. Evidentemente ela aquí computa un dato para usuarios que solicitan a axuda como beneficiarios últimos, individualmente, de 364,90 euros, dando por feito que, dalgunha maneira, a súa emenda, como ela di, está aprobada.

Continúa dicindo que a Sra. concelleira fai unha comparativa con ordenanzas doutros concellos da comarca, el proponse, se lle parece ben, que a comparen coa ordenanza que esta actualmente en vigor, é dicir, a nova ordenanza, evidentemente ten que mellorar a anterior, e actualmente a ordenanza en vigor, no punto número 2 que recolle os requisitos de acceso, o que ten que ver co IPREM, fala de que deben dispor dunha renda per cápita mensual igual ou inferior ao 25% do Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Agora mesmo o IPREM está en 532,51 euros, iso deducidos dos ingresos líquidos os gastos de alugueiro ou amortización de vivenda, é dicir, a ordenanza en vigor limita a dedución ao importe do recibo de hipoteca ou alugueiro.

En canto á ordenanza que se vai someter a consideración do pleno, mellora o IPREM, a petición dos socialistas, pero é máis restritiva que a anterior en canto limita en 400 euros o desconto en concepto de amortización de vivenda, hipoteca ou alugueiro. A Sra. concelleira falou de que tiveron reunións, e precisamente nunha delas ela xustificou esa cifra. Eles preguntáronlle por que se limitaba, porque o PSOE propoñía que o límite fose o importe do alugueiro ou a hipoteca, e ela díxolles que polos datos que tiña a maioría dos alugueiros eran inferiores a eses 400 euros, efectivamente, o que non lles dixo é que a maioría das hipotecas superan esa cantidade.

Ela sabe que se están atendendo, porque se están atopando en situación de necesidade, usuarios con hipotecas de máis de 400, de máis de 600 e de máis de 1000 euros, produto dese sobreendebemento dun contexto, dunha burbuxa, que dalgunha maneira lles ten dado nas narices a todos.

Toma a palabra a Sra. presidenta para manifestar que, como lle dixo antes, esta é unha ordenanza de emerxencia social, o que non se pode facer dende Servizos Sociais é pagar hipotecas de 1000 euros, porque se podería pagar un mes, pero pregunta que pasaría ao mes seguinte. Di que iso estase solucionando a través doutras vías, agora mesmo están vendo a través do Consorcio das Mariñas o tema dos desafuzamentos e hipotecas, pero ten que facerse a través doutras vías, non a través dunha ordenanza de Servizos Sociais que é unha ordenanza de emerxencia social. Cando unha persoa ten unha hipoteca de 1000 euros, ten un problema, e se non ten ingresos ten dous problemas moi gordos, pero iso non o poden solucionar en Servizos Sociais, ten que ser a través doutras vías.

Di que hai que poñer límites, loxicamente, porque se non se poñen límites, por suposto que a maioría das hipotecas son de máis de 400 euros, pero nalgún momento hai que poñer un límite porque esta é unha ordenanza de emerxencia social. Oxalá se puidera axudar máis aínda a esas familias, é o que están tratando de facer, pero como dixo antes, a través do Consorcio das Mariñas, onde se creou unha Comisión de desafuzamentos na que se van tratar todo ese tipo de problemas. A partir de agora darase información nos bancos, en todas as entidades sociais, para que as persoas que teñan ese tipo de problemas, solucionalos por outros medios, pero non a través desta ordenanza.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que como ela ben di non están aquí para resolver os problemas e pagar a hipoteca dos veciños de Cambre, de ningún modo, e menos cun orzamento anual de 75000 euros, iso non deixa lugar a dúbidas, pero invítala a que traiga ao próximo pleno unha proposta para duplicar esa partida, que contará co seu apoio garantizado.

Di que, evidentemente, estas son medidas complementarias doutras principais, o propio texto o di. As principais son as da Xunta, pero dalgunha maneira, pola operativa, convértense en principais, toda vez que a Xunta, nese deixamento da súa responsabilidade, estase demorando. Que lle conste a el acumula un atraso de máis de 6 meses dende que se solicita unha axuda, e para cando chega, en moitos casos xa perdeu o sentido. Como o seu propio nome indica son axudas de emerxencia, non son subvencións.

Continúa dicindo que os socialistas teñen acudido ás reunións ás que lles teñen convocado, a escoitar e con espírito construtivo, e froito diso, como a Sra. presidenta ben sabe e recoñeceu, son as numerosas achegas que teñen incorporado á ordenanza. Ela fala de consenso, pero non todas se incorporaron, en todo caso, e se lle permite, vai relatar as principais:

- Amplíase o IPREM do 35 ao 45%, que seguen considerando insuficiente.
- Retírase da ordenanza a esixencia de que o beneficiario non teña débedas coa Facenda local, porque se non pode pagar, non pode pagar.
- Inclúese calquera unidade de convivencia independente, debidamente acreditada, aínda que convivan baixo o mesmo teito.
- Inclúense e amplíanse as axudas a transeúntes, seguindo o principio de universalidade.

- Inclúense as axudas a alimentación infantil en comedores escolares, que o equipo de goberno tiña retirado do borrador da ordenanza, porque o PP non sabe o que lles vén enriba en materia de comedores escolares.
- Amplíanse as contías dalgúns recibos, o da luz, por exemplo.
- Retírase o artigo referente ao límite orzamentario, de tal maneira que aquí o usuario que necesite a axuda e cumpra cos requisitos, a obtén.

Di que, en definitiva, son medidas tendentes a simplificar o procedemento facéndoo máis accesible e máis garantista respecto do potencial beneficiario, o fin último é a atención ao cidadán e defender os seus intereses e necesidades, a eles se deben.

Conclúe dicindo que a diferenza entre eles e o goberno é que mentres que eles conciben esta ordenanza dende criterios de solidariedade, corresponsabilidade e compromiso político cos veciños, especialmente cos máis desfavorecidos, o goberno faino dende a beneficiencia e con criterios economicistas.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles non van incidir máis no tema, están completamente de acordo coa postura do partido socialista e non se van estender máis no debate.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que respecto do que se falou sobre subir o IPREM ao 45 ou 50%, a el dálle a sensación de que están a falar do chocolate do loro, como se di vulgarmente, e pregúntalle á Sra. alcaldesa se sabe canto supón esa diferenza do 5%, porque supón 26 euros por persoa, e por iso levan discutindo unha hora.

Intervén a Sra. alcaldesa en funcións para sinalar que, efectivamente, en cada persoa, pero pregúntalle se fixo o cálculo para un matrimonio con dous fillos.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que aí non chegou, pero que lle parece que falan de moi pouco diñeiro, e bastante tempo levan falando diso.

Dixo a Sra. alcaldesa en funcións que esta ordenanza foi consensuada, efectivamente tratou de ser consensuada, foi feita con moita transparencia e moita participación no que respecta ao grupo de EU, nese sentido eles presentaron varias propostas, varias suxestións que se tiveron en conta e que el non vai ler aquí porque xa están recollidas no informe da técnica, pero hai unha cuestión que si lle dixeron por activa e por pasiva, que o outro día dixeron nas comisións, tamén o dixeron na xunta de voceiros, que é que eles, respecto dos establecementos que prestan este servizo de emerxencia social propuxeron que se ofertara a todos os comercios de Cambre. Todos os comercios de Cambre teñen os mesmos dereitos, porque todos pagan os seus impostos neste concello.

A Sra. alcaldesa en funcións dixo o outro día na comisión que non era operativo, pero para eles esa resposta vén carente de informes que avalien esa decisión, el non viu ningún informe que dixera que non era operativo, o que pasa é que hai que traballar, e hai que falar co pequeno comercio de Cambre, e dicirlles se están dispostos a prestar este servizo, porque ao mellor non o están. Pola súa iniciativa agora van prestar o servizo dous comercios de Cambre, o Eroski da Barcala e o Claudio de Cambre, antes

só era un, pero non deixan de ser só dous, e a Sra. alcaldesa sabe perfectamente que en Cambre hai moitos establecementos que o están pasando francamente mal nestes momentos. Pregunta por que non se consulta con eses outros comercios, por que non os chamaron para ver se querían prestar o servizo.

Por outra parte vaille recordar outra cuestión, con isto igual están incorrendo nalgunha ilegalidade ou nalgún tema de incompatibilidade, por iso lle dicía que debería consultar con todo o comercio de Cambre, que lle parece máis que importante. Están falando de algo máis de 70000 euros/ano que van estar a disposición simplemente do Eroski e doutro comercio en Cambre. É unha discriminación cara ao pequeno comercio por parte do concello. Cando chega a hora da feira dos comerciantes de Cambre si os chaman para que poñan aquí o seu stand, os chaman para iso e para estas outras cousas non os chaman. Por este motivo di que non foi consensuada a ordenanza, o goberno municipal non tivo en conta esa proposta que EU consideraba importante, moitos comerciantes de Cambre llelo teñen dito, preguntaron que pasaba con eles, se é que non están no concello, se non viven dentro deste concello, se non contribúen neste concello.

Conclúe dicindo que eles, neste sentido, non van votar a prol da ordenanza, vanse abster, o que si van apoiar é o voto particular do partido socialista.

Toma a palabra a Sra. presidenta para sinalar que ela xa se imaxinaba que isto era o que ía pasar, de todas formas quere que quede moi presente que con ese 50% o que se vai apoiar é que un matrimonio con dous fillos, que gañe 1500 euros, ten dereito a estar en Servizos Sociais, quere que quede moi claro, porque iso é o que vai ocorrer, e vaise pagar cos impostos de todos. Se ese é o sentir maioritario dos grupos da oposición, entón esa é a ordenanza que se vai aplicar e non vai dicir nada máis. Ela presentou unha emenda, porque pensou que subindo ese tramo para persoas un pouco máis desfavorecidas, como son as persoas que viven soas, se melloraba substancialmente a ordenanza.

En canto ao tema dos establecementos, xa o explicou nas comisións informativas claramente. Actualmente había un só establecemento prestando o servizo, incluso xa houbo algún establecemento pequeno na Barcala que deixou de facelo porque non lle interesaba, porque non era operativo, ou sexa, que quedou un establecemento só porque os demais non querían. O Eroski non quería entrar de ningunha maneira porque non aceptaba cobrar a 3 ou 4 meses como está cobrando o actual supermercado que lles surte.

Xurdiu a posibilidade de cambiar a forma de pago, non ten aquí ningún informe porque a coordinadora de Servizos Sociais está de vacacións esta semana, pero en canto se incorpore farallego chegar, porque o sistema proposto non foi operativo tendo en conta a forma que hai de pago. Explica que tiveron que facer un cambio total entre Intervención e Tesourería para poder efectuar os pagos ao supermercado Eroski e ao outro supermercado que tamén vai traballar con eles, co fin de que o pago sexa máis inmediato, porque foi a única maneira de que entraran a traballar eses comercios. Descartouse ampliar o campo a máis tendas, non se lles preguntou, pero cre que non lles ía interesar por todo o que lle explicaron no departamento de Servizos Sociais,

porque non era operativo. Ela é iso o que lles pode dicir, nada máis, de todos modos en canto teña o informe farállelo chegar sen ningún problema.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que respecto do tema dos pagos el ten interese en saber do tema, porque el falou con Intervención e os pagos neste concello fanse a 30 días, despois de aprobadas as facturas e da súa fiscalización. A Sra. concelleira a primeira vez díxolles que o pequeno comercio non quería participar porque se pagaba a 90 días, e acaba de afirmar que houbo un comercio na Barcala ao que lle preguntaron e non quixo saber nada, e con iso xa lles manifesta que os comercios non quixeron saber nada. Iso é o que acaba de dicir agora, pero é só un comercio da Barcala, aos demais recoñeceu que non lles preguntou, e debería telo feito. Ademais pregunta que comercio foi, onde, porque eles non teñen ningún dato.

Respecto dos problemas con Intervención, el falou coa interventora, quen lle dixo que a ela non se lle consultara absolutamente nada, e que non lle carguen as tintas a eles, porque o outro día tamén se falou da Intervención municipal nas comisións informativas. El o que di é que isto tiña que ser máis plural e máis participativo, e ao equipo de goberno non lle custaba nada coller e chamar a eses comercios para preguntarlles, pero polo que acaba de dicir, a Sra. alcaldesa xa anticipou que non lles ía interesar. Pide que iso o digan os comerciantes, que lles dea ese dereito e lles dea esa opción para que eles digan que non lles interesa, iso é o que teñen que facer, e despois asumir as consecuencias.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo queren comentar, en primeiro lugar, que é a primeira ordenanza que se trae aquí despois de terlles chamado a reunións, é a primeira ordenanza que se negociou, e é unha mágoa que por culpa dunha teimosía, sigan aquí debatendo.

Eles por suposto que apoian o voto particular do PSOE, e tamén van apoiar a ordenanza. Parécelles que está informada favorablemente polos técnicos, e recolleuse o informe da secretaria no cal fixera varias alegacións, co cal, como xa dixo, eles van apoiar tanto a ordenanza como o voto particular do PSOE. O que si lles dá mágoa é que ao final de varias reunións e demais, por un tema de teimosía, estean aquí dando voltas a moi pouca cousa.

Toma a palabra a Sra. presidenta para sinalar que non cre que sexa un tema de teimosía precisamente. Era un tema que xa estaba consensuado, e aquí o que hai é “eu podo máis, porque somos máis”, e iso está claro, é evidente, e di que eles se adaptan ao que diga a maioría.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD, integrante do GM, manifesta que el cre que están tratando un tema moi importante para os veciños de Cambre, é un tema que vai afectar aos petos de moitas familias de Cambre, e cre que é un tema que debería estar máis e mellor consensuado, traer unha proposta conxunta. Por iso, igual que antes deixaron sobre a mesa un asunto que afectaba a unha familia, para tratar de resolver o tema da mellor maneira posible, el cre que tamén este tema require máis madurez, porque están falando de 75000 euros que se van repartir a familias con recursos escasos, entón, cantas máis familias entren,

efectivamente mellor, pero é que tamén iso vai ir en detrimento daquelas máis necesitadas. Está claro que se reparten entre 1000 persoas os 75000 euros, non é o mesmo que repartilo entre 500 ou 600, que son as rendas máis baixas. Non obstante, ao mellor tamén hai unhas necesidades nesas outras rendas máis altas, por iso el cre que este tema deben traelo suficientemente consensuado ao chegar ao pleno, e non botar tempo aquí cada un dicindo as súas opinións e os seus temas, botar aquí dúas horas en non chegar a acordos claros, nun tema que afecta a moitas familias, e que el cre que é de suficiente calado e serio como para que se é necesario, que veña ao próximo pleno, tratar de consensualo e facer as cousas cun pouco de máis criterio do que están tendo. Por todo isto, el pediría que se deixara sobre a mesa, simplemente iso.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta que dende o grupo municipal socialista garantizan que a ordenanza vai saír adiante. Con independencia de que se aprobe ou non o seu voto particular, eles van votar a prol da ordenanza porque son parte implicada nela, é dicir, eles teñen feito as achegas que consideraron que melloraban o acceso a este tipo de prestacións, algunhas se atenderon, outras non. Xa nas comisións informativas do pasado martes dixeron que entendían e aceptaban, sen coñecer realmente a motivación e a argumentación pola que se facía, porque realmente non lles teñen dito por que non se incluían as que non se incluíron, pero que o entendían, porque son valoracións feitas dende os Servizos Sociais por parte de técnicos municipais.

Di que eles van votar a prol da ordenanza, se aprobe ou non se aprobe o voto particular, esta non é unha cuestión de teimosía, teñen proposto nas comisións do pasado martes ao goberno que fixera un esforzo. Están falando, como dixo o compañeiro de EU, dunha cifra que individualmente é pequena, pero que permite que máis veciños accedan, non é a diferenza entre tratar a xente con recursos e a xente sen recursos, é tratar a máis xente que o necesita.

A Sra. presidenta toma a palabra para sinalar que, tendo en conta a proposta do concelleiro do PGD sobre deixar este asunto sobre a mesa, ela pediríalles a todos que recapitasen respecto do que se vai aprobar aquí, llelo pediría de verdade, e se queren deixan a proposta sobre a mesa e recapitan as súas posturas, porque ela dilles que non se vai beneficiar quen máis o necesita, ese é o problema. Propón deixalo sobre a mesa e volver ter outra reunión.

Don Jesús Bao Bouzas reitera que dende o grupo municipal socialista garantizan o apoio á ordenanza, con ou sen a inclusión do IPREM do 50%.

A Sra. presidenta explica que ela o que está pedindo é deixala sobre a mesa para valorar ese IPREM, volven ter outra reunión, e o valoran realmente, e se nalgunha cousa ela se equivocou, en canto veña a coordinadora de Servizos Sociais explicará o dos comercios particulares, e se hai que chamalos e eles queren aceptar, se dende o departamento de Servizos Sociais pola parte administrativa non hai problema, pola súa parte tampouco o vai haber, ao contrario, por iso lles pregunta que lles parece deixalo sobre a mesa.

Don Jesús Bao Bouzas sinala que a decisión é súa.

A Sra. presidenta manifesta que é certo, pero que tampouco o quería facer en contra da vontade dos grupos.

Así pois, a proposta presentada queda sobre a mesa para ser tratada no vindeiro pleno.

2.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

A Sra. presidenta dá a palabra aos concelleiros do grupo de EU co fin de que dean lectura á moción presentada, rexistrada ao núm. 8529 o día 22 de xuño de 2013, para creación de emprego co excedente do orzamento municipal de 2012.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que o seu grupo vai retirar a moción presentada, pero gustaríalle explicar os motivos para facelo. Di que traían unha moción onde, á vista de que existe un remanente de Tesourería de algo máis de 400.000 euros, o que se pretendía era que se puidera investir parte dese diñeiro nun plan sociolaboral de emprego para dar traballo a veciños e veciñas de Cambre que se atopan actualmente e desgrazadamente, como xa teñen reiterado e como todos saben en situación de paro.

Como de todos é sabido tamén, ata o de agora, cando un concello tiña superávit no seu resultado económico podía utilizar o dito diñeiro para complementar partidas que quedaran escasas, ou para dotar outras partidas novas que inicialmente non se orzamentaran pero que se facían necesarias polo transcurso dos acontecementos.

Esa era a intención da moción que eles traían hoxe ao pleno, o que pasa é que neste escaerío tan idílico ata o de agora, chega o PP e dáse conta de que se os concellos seguen dispoñendo dos seus cartos, como debería ser lóxico, poden facer cousas tan perigosas como destinalos a favorecer aos veciños dándolles traballo, entón isto non se podía consentir. O que ocorre é que chega o goberno de Mariano Rajoy e se saca da manga a modificación do artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, no que se estipula que o superávit destinarase a reducir endebedamento, para entenderse, unha vez máis o PP o que quere facer é favorecer aos bancos, sen ter en conta para nada ás persoas e aos veciños. Se un concello está ben xestionado, e ten diñeiro no seu remanente, en lugar de poder dedicalo ao que sexa preciso e se necesite, ten que investir en devolverlle aos bancos eses cartos, nin máis nin menos.

Podemos dicir que estamos ante un máis dos innumerables abusos e recortes que está levando a cabo o PP, neste caso de xeito indirecto, pero igualmente grave. Por este motivo, van retirar a moción, porque non queren facer responsables, nin queren pedir o voto dos grupos desta Corporación nun asunto que actualmente sería ilegal, aínda que esta norma o que é, é totalmente inmoral, e debería caerlles a cara de vergoña a todos aqueles que estean detrás das siglas populares. De todas formas, os banqueiros deben estar ben agradecidos por todas estas medidas que están tomando para defendelos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que simplemente por defender un pouco ao seu partido, el ten claro que hai determinadas persoas que se teñen aprendido o discurso, e o soltan ata cando se equivocan. Di que se teñen aprendido o discurso de que o PP fai recortes, o PP non sei que e o PP non sei canto, e o PP é o malo para todo.

Neste caso resulta que se equivoca, eles ían votar a prol da moción, pero ían facelo porque ese PP que a Sra. concelleira tanto di que fai cousas malas, chegou a un acordo recentemente para modificar esa norma, e vaise permitir utilizar o diñeiro para o que ela propón, por iso el lle suxire que lea a moción, porque pola súa parte a van apoiar, van votar a prol, porque están de acordo, de feito é unha previsión que eles tiñan unha vez feita a liquidación do orzamento.

Dille que está moi ben o seu discurso, pero quedou claro que ese discurso, ademais de estar preparado, non ten contido ningún. Sírvelles para criticar calquera cousa, aínda que non teñan razón. Pídelle que lea a moción se quere facelo, e se quere retirala, tamén pode, que para iso é súa.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que antes de supoñer cousas sería interesante que o soubera con certeza. Dille que eles antes de tomar a decisión de retirar a moción faláron con Intervención. Intervención, evidentemente, como o artigo que está en uso é este, independentemente de que despois se modifique ou se deixe de modificar, Intervención asegurou que, pola súa parte, con independencia do sentido da moción, ía informar desfavorablemente esta moción, como é lóxico, porque non sería legal a día de hoxe facer este investimento, porque non se contempla na lei.

Pídelle ao Sr. voceiro que agora non lle veña dicindo que van apoiar ou van deixar de apoiar a moción, porque eles o que non poden facer, e iso debería telo en conta tamén o PP, é escusar a súa responsabilidade e pedir que o resto dos partidos apoiem unha moción que agora mesmo non sería legal e que contaría cun informe desfavorable de Intervención.

Pide que non naden e garden a roupa, e que non digan que ían apoiar a moción. Pídelles que agarden a que o PP reconsidere ese tipo de machadazos á autonomía das corporacións locais. No momento en que se volva modificar este artigo e se permita aos concellos dispoñer do seu diñeiro, entón eles volverán a traer esta moción, será unha moción absolutamente legal, que contará co apoio de Intervención, todos estarán de acordo e crearán emprego en Cambre, que é o que supostamente a todos lles interesa.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o que se propón na moción é que por parte do goberno municipal se estude a posibilidade, dentro dos cauces legalmente establecidos, para facer uso dunha cantidade do remanente, é dicir, que se estude a posibilidade, e iso é o que poden facer, estudala. Apoian a moción porque o que EU propón eles queren facelo, de feito, probablemente antes de que EU volva presentar a moción, eles xa traían a modificación que se propón, por iso lle di que non perda a oportunidade, que lea a moción, que o equipo de goberno vai aprobala, aínda que o resto se absteña.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que non se trata de oportunidade, EU non é como eles, non están buscando a oportunidade política, están buscando a efectividade, están buscando que se traen unha moción a pleno, se poida levar adiante. Non se trata de dicir, pois ben, imos estudar os cauces legais e despois aquí non pasa absolutamente nada.

Conclúe dicindo que eles o día que esta moción se poida levar adiante e a traia o equipo de goberno, ou a traia EU, ou a traia calquera outro grupo, van lela e van defendela, pero non van loitar contra algo que a día de hoxe está derrogado polo PP.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Non foi utilizado este punto.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE instando á retirada do Decreto de repagamento dos comedores escolares

Rexistrada de entrada ao núm. 8523 o día 22 de xuño de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou no mes de abril o ‘Proxecto de decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería que ostenta as competencias en educación’ no que se prevé un incremento dos prezos públicos polo uso dos comedores coa conseguinte limitación do acceso a eles de moitos nenos polo notable encarecemento do servizo.

Este decreto, que obrigará ao 43% das familias usuarias a pagar parte do custo do servizo de comedor escolar, fixa uns prezos públicos que van dende 1 euro/día e neno ata 4 euros/día e neno, ao tempo que establece uns criterios para o seu pagamento que suporán que o 24% dos usuarios aboan o prezo máximo de 4,5 euros ao día (90 euros ao mes).

O servizo de comedor escolar regulábase como servizo complementario coa finalidade

de reducir os obstáculos á escolaridade e garantir o acceso a todos os nenos á educación en condicións de igualdade, mais con esta medida Galicia convertírase na primeira comunidade cunha poboación moi dispersa que non garante a gratuidade do comedor para o alumnado con dereito a transporte público. Por este, entre outros motivos, o Consello Escolar de Galicia rexeitou o proxecto de decreto e devolveuno á Consellería.

Ata o de agora un 92% dos estudantes non pagaban nin un euro, así que a medida afectará a 20.000 familias que dende o ano que vén terán que pagar entre 20 e 90 euros ao mes por neno.

A medida xustifícase como unha medida de progresividade e de xustiza social ao facer pagar 'máis aos que máis teñen' pero en realidade agocha un novo ataque ás clases medias polo uso dun servizo educativo e supón un paso máis na reorientación que o Partido Popular está a levar a cabo da política educativa, cara a un modelo baseado na desigualdade, e no que só os que máis teñen, teñen garantido o acceso ao ensino superior.

Aumento dos prezos públicos polo uso dos comedores escolares, substitución da universalización da gratuidade dos libros de texto por un sistema mal chamado de 'gratuidade solidaria' máis custoso, que non garante (pola contía das axudas) nin sequera a gratuidade total para os que nada teñen e que obriga aos pais a por en marcha de maneira privada o mesmo sistema derogado pola Xunta, redución e endurecemento das condicións de acceso as bolsas.... Todas estas medidas constitúen pasos nunha mesma dirección....

Non deixa de ser incoherente o recurso á progresividade cando a mesma Xunta de Galicia vén de rexeitar na tramitación dos orzamentos autonómicos do 2013 a proposta do PSdeG-PSOE referida ao incremento do tipo máximo no tramo autonómico do IRPF para as rendas máis altas e a creación dun imposto á banca sobre os depósitos.

Por outra banda, a medida supón ben un total descoñecemento, ben un absoluto desinterese pola realidade social que está a vivir este país como consecuencia da crise económica, no que un neno de cada catro, o 27%, vive baixo o albor da pobreza, e a fame e a desnutrición infantil comeza a presentarse con demasiada frecuencia. Andalucía, Canarias, Cataluña e outras comunidades teñen xa anunciado medidas destinadas a garantir non só o almorzo, senón, a lo menos, varias comidas aos nenos nas escolas como medidas urxentes contra a fame infantil. A propia defensora do pobo, Soledad Becerril, aínda que con atraso, ten anunciado esta mesma semana unha investigación sobre a fame infantil en España.

Nada disto parece preocupar á Xunta de Galicia e ao Sr. conselleiro de Educación, nin en xeral aos gobernos do Partido Popular que, lonxe de loitar contra a desigualdade, estannos a levar a unha perigosísima dualización da sociedade.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ante o Pleno a seguinte moción para o seu debate e votación:

Primeiro: O Concello de Cambre manifesta o seu total rexeitamento ao repagamento do servizo de comedor que pretende establecer a Xunta de Galicia para o vindeiro curso.

Segundo: O Concello de Cambre insta á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a que retire o 'Proxecto de decreto polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería que ostenta as competencias en educación'.

Terceiro: O Concello de Cambre solicita á Xunta por en marcha un plan contra a fame e desnutrición infantil nas escolas."

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que comeza polo último punto, porque lle parece o máis grave de todos. El pregunta, porque ao mellor é descoñecemento, se teñen detectado algún problema de desnutrición nalgún alumno dalgún colexio de Cambre, porque se é así, estaría ben que eses temas, en vez de facelo cunha moción, se trasladaran persoalmente á concelleira de Servizos Sociais para que puidera actuar. Se teñen detectado algún caso, agradeceríalles que llo comunicaran.

Concedida a palabra a don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que son casos que a concelleira de Educación seguramente coñece, igual que os coñecen o resto de veciños de Cambre. En moitos comedores de Cambre dáse a situación de que terminar de comer, ao estar recollendo, as persoas que axudan no comedor métenlles comida a algúns nenos na mochila, disimuladamente, porque os nenos moitas veces son crueis entre eles. Eses casos están no Concello de Cambre, co cal el pensa que iso sobra explicalos aquí.

Don Felipe Andreu Barallobre di que a el parécelle un tema grave e por iso o dixo.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que falar de temas particulares nun pleno, cando ademais están a falar de nenos, parécelle de moitísima gravidade.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el o que dixo é que llo comunicaran á concelleira de Servizos Sociais, en privado, para que os Servizos Sociais do concello poidan actuar, iso é o que está dicindo, porque ademais é obrigación de Servizos Sociais actuar nestes casos.

Dona Margarita Iglesias Pais indícalle que fale cos responsables de comedor e saberao.

Don Felipe Andreu Barallobre continúa dicindo que o que lle parece máis grave é que, se están pedindo que o Concello de Cambre solicite á Xunta a posta en marcha dun plan contra a fame e desnutrición nas escolas, supoñen que será nas escolas de Cambre, e se solicitan iso será porque terán detectado algún problema.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais contesta que non din nas escolas de Cambre, están falando da Xunta de Galicia e da situación dun decreto que afecta a

toda Galicia. Dille que está facendo unha interpretación da moción.

Don Felipe Andreu Barallobre pide que lle permita que el se preocupe polos nenos de Cambre, que é o que lle compete.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que eles se preocupan por todos, sendo nenos.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que se este problema realmente existe, e eles o coñecen, o que lles pide, e non llelo está reprochando nin está utilizando todo sarcástico nin nada, é que llo comuniquen á concelleira de Servizos Sociais para que poida actuar, porque é o que ten que facer, é a súa obrigaón actuar neste tipo de casos, tanto para poñer un plan en marcha sobre este tema, porque debería ser algo xeralizado, como non casos puntuais.

Continúa dicindo que, respecto do resto da moción, evidentemente están en contra, e vai utilizar para explicalo o argumento que por exemplo utilizou o Sr. Taibo cando se tratou a aprobación do prezo público da comida para os maiores. Di que están nun momento no que non se pode permitir todo, están nun momento no que non se pode permitir que o 92% dos usuarios, independentemente de que os seus pais gañen 1000 ou gañen 10000, todo lles saia gratis, non poden permitírselo.

Di que parece que non se dan conta que unha familia que gane 10000 euros ao mes, ou 5000 ou 3000, ten diñeiro para darlle de comer ao seu fillo, e para pagar 90 euros ao mes, de verdade que o ten, non necesita a gratuidade do comedor. Unha cousa é que necesiten o servizo de comedor e outra cousa é que necesiten que o servizo sexa gratuíto. Son cousas distintas. Di que isto é unha inxustiza social, é unha inxustiza que unha persoa que gane 5000 euros estea vendo subvencionada a comida dos seus fillos. É unha inxustiza, e iso é o que se pretende corrixir, non se pretende nin empeorar o servizo, nin se pretende recortar o servizo, non, o que se pretende é que unha persoa que gane 5000 euros/mes, pague o servizo, iso é o único que se pretende, a modificación non vai noutro sentido.

Continúa dicindo que a Sra. concelleira dixo que esta moción é para toda Galicia, pero aquí están no Concello de Cambre e este é o pleno da Corporación municipal de Cambre. Di que en Cambre os peores problemas de comedor tiveron lugar nos anos 2008-2009, e el pode dicírllelo porque os viviu en primeira persoa, estando na oposición. Nesa ocasión reuníronse coas Anpas, sobre todo do Graxal, pero tamén doutros colexios, porque había problemas de prazas, e o que lles pedían os pais era que se cobrara o comedor, que se cobrara ás persoas que puideran pagar, que non fora gratis para todos, porque se é gratis para todos, todo o mundo o utiliza, e volve dicir que unha persoa que gana 5000 euros ao mes, non necesita que sexa gratis, pero se llo dan gratis, claro que o utiliza.

Consta na moción que o 92% dos alumnos que agora se están beneficiando do comedor, non pagan nin un euro, independentemente de que os pais ganen 5000, 6000 ou 10000 euros, dá igual, todo gratis. Di que non, que as cousas non son así, xa se acabaron eses momentos, é o mesmo argumento que xa se utilizou outras veces, están no momento de que a xente, que quere un servizo, pague unha parte, se o pode

pagar. Evidentemente o que ten que garantir a administración é que as persoas que teñan dificultades ou non teñan recursos suficientes, non o teñan que pagar, pero unha persoa que teña uns ingresos moi superiores aos da media, debería pagar os servizos, e todos coñecen casos, por iso o está dicindo con esta linguaxe que se pode entender por calquera.

Agradece a presenza do público asistente, pero di que oxalá houbera máis xente, porque todos coñecen casos, porque lles afectan, ás súas familias ou aos seus veciños, e todos coñecen casos de familias que tendo recursos de sobra estanse a beneficiar do comedor gratuíto, e iso é unha inxustiza social. O grupo municipal socialista pode defendelo, pero eles seguro que non. Pídelles que non digan que iso é unha medida progresiva, porque iso é unha medida de apoio á xente máis rica, nada máis.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que o Sr. voceiro do PP acusa a todo o mundo de demagogia, pero non se escoita a si mesmo, é dicir, el asume que o dato que ela deu, o 92% que non pagaba nin un euro, el asume que todos eles cobran máis de 10000 euros/mes, e o lanza así, e como sempre o PP encontra sospeitas sobre o usuario do servizo público, sempre é un presunto defraudador, os delegados sindicais están na cafetería todo o día, os parados están, en realidade escondendo situacións de emprego somerxido, etc., todo usuario ou beneficiario de servizos públicos é un presunto defraudador.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que iso está a dicilo ela.

Dona Margarita Iglesias Pais responde que non, que iso é o que el fixo, fixo unha simplificación temeraria de todo o que ela estaba dicindo nesta moción, o que, por outro lado, dálle idea de que el non se ten lido o decreto de comedores escolares, parécelle que non, porque se o tivera feito sabería cales son esas contías e como vai progresivamente, pero é que comezan dende unha renda per cápita de 7000 euros, é dicir, o cobro empeza nos 7000 euros/anuais. Non son cidadáns que cobran 10000 euros/mes.

Por outra parte, di que tampouco sabe se o Sr. Andreu coñece o dato do custo real, é dicir, hai nenos aos que se lles vai a comezar a cobrar 4 euros, pero é que o custo estimado do servizo de comedor está sobre 2,50 € por neno, ou sexa, que de paso a Xunta aproveita para recadar. Basta con pedir aos comedores escolares os datos de funcionamento e ver que nese custo de 2,50 € está incluído todo, comida e servizo.

En segundo lugar, o Sr. voceiro díxolles que non está de acordo co contido xeral da moción, supón que sobre todo co tema do ataque aos recortes nos servizos educativos. Supón que tampouco están de acordo con que se poñan en marcha, por parte dos pais, que se trate de substituír o sistema de gratuidade do libro de texto por outros sistemas, di isto porque que ela saiba o Concello de Cambre ten posto en marcha unha medida de gratuidade dos libros de texto, un banco de libros.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que eles están falando do comedor escolar.

A Sra. presidenta engade que, ademais, iso foi posto polo Anpa.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que estaba no uso da palabra.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que se quere pode falar do tren e dicir que como votaron en contra da moción tamén están en contra do tren.

A Sra. presidenta pídlle ao voceiro do seu grupo que permita continuar á Sra. concelleira socialista.

Dona Margarita Iglesias Pais continúa dicindo que o que estaba dicindo é que, evidentemente, criticaron no seu día o sistema de gratuidade do libro de texto, co mesmo argumento que están utilizando nestes momentos, que paguen máis os que máis teñen. Asegúrase a gratuidade para todo o mundo, e dende o PP a substitúen por un sistema que non cubre a ninguén. A axuda máxima que se dá por libros de texto son 160 euros, iso está publicado no decreto. Ela non sabe se teñen fillos en idade escolar, pero deberían saber cal é o custo real dos libros, é dicir, nin sequera o que ten dereito á axuda máis vantaxosa por parte da Xunta de Galicia, cubre con eses 160 euros o custo dos libros de texto, ou sexa, nin sequera o que menos ten.

Por outro lado, o sistema é moitísimo máis custoso, e así chegan á segunda parte, os pais poñen en marcha bancos de libros e, entón, o colmo da incoherencia, no Concello de Cambre apóiase a posta en marcha de bancos de libros dende o propio concello, é dicir, ponse en marcha o mesmo sistema que o PP tanto criticou dende a Xunta de Galicia.

Segue explicando que eles non están de acordo con ese decreto porque non é tan só o custo do comedor escolar, iso súmase a unha serie de custos que teñen que comezar a asumir os pais. Na situación na que se está, na que o número de fogares que non chega a fin de mes, ou que acada con moita dificultade chegar a fin de mes, segundo os datos do INE, ten acadado xa o 12,7%, non soamente son os comedores escolares, son tamén os libros de texto, son as bolsas de estudo, e proximamente vai ser o transporte escolar, porque non se poden enganar, a próxima medida que aprobe a Xunta será a supresión do transporte escolar gratuito.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el non o sabe, que ao mellor ela ten información privilexiada, porque el non ten noticias. O que lle di é que eles agora están falando do comedor escolar, e eles respecto da medida que adoptou a Xunta de Galicia para os comedores escolares para este ano, non teñen absolutamente ningunha discrepancia. Si que teñen todas as discrepancias coas intencións terxiversadoras que ten o partido socialista na súa moción, porque están intentando vender como medida social o feito de axudar aos ricos, iso é o que están facendo, pregunta a quen van a enganar.

Segue dicindo que el non ten fillos, pero ten sobriños en idade escolar, unha ten 6, outro ten 5, a outra vaise escolarizar, e ve directamente na súa familia os problemas que están tendo nos colexios de Cambre para entrar no comedor, porque hai xente que non necesita o servizo, pero que como é gratis, o usa.

Conclúe sinalando que ese é o problema, primeiro as persoas que non necesitan o

servizo pero que como é gratis o usan, e despois as persoas que teñen unhas rendas elevadas e tamén lles resulta gratis. Se o partido socialista está a prol, pide que o apoien, pero que non conten con eles.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que eles están absolutamente en desacordo coa interpretación que o voceiro do PP fai. Dicir que isto é unha medida para beneficiar aos ricos, xa é o colmo do descaro. É algo que non só di o partido socialista, senón que tamén o di o Consello Escolar de Galicia, o di a Confederación de pais de alumnos e o din outras comunidades autónomas que están dedicando medidas, precisamente a paliar este tipo de problemas. Polo tanto, di que eles, por suposto, manteñen a moción presentada e non teñen máis que discutir.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que por parte do seu grupo queren facer algunhas matizacións en defensa do que é esta moción, explicar por que van votar favorablemente, e referirse ao que dixo o Sr. Felipe Andreu dende o goberno, e que vaia con total cordialidade, é dicir, foi el o que pediu que se lle dixera a Servizos Sociais quen pasaba fame ou problemas de desnutrición no Concello de Cambre.

Simplemente dicir que aquí hai unha información que se deu, neste caso por dona Margarita Iglesias, concelleira do PSOE, remarcada por don José Manuel Lemos, tamén concelleiro do PSOE e, polo tanto, os membros do equipo de goberno son conscientes dende hoxe, hai uns minutos, que existen unha serie de problemas en Cambre relativos a este tema. Se ata agora non o sabían, agora xa o saben, e correspóndelles a eles falar cos directores dos centros ou falar con que corresponda, pero dalgunha maneira, e enténdase, a pelota está no seu tellado.

Pedía o Sr. voceiro do PP que lle dixeran quen pasaba fame, e el pregúntalle, non para dicilo aquí, pero que diga canta xente gaña máis de 10000 euros/mes en Cambre e leva aos seus fillos aos comedores, para saber se iso é significativo, para saber canto lle supón iso expoñencialmente ao Concello de Cambre, comparado con outros gastos que poida ter.

Dille isto porque o BNG, é a súa postura e sabe que non é a do PP, aposta porque determinados servizos que teñen un claro compoñente social, deben ser universais. O que o Sr. Andreu dixo con respecto á situación que se ten dado na Barcala, de que os pais reclamaban que existise o servizo aínda pagando eles, choca de fronte cunha concepción minimamente social do que debe ser un Estado, iso que se chama estado do benestar.

Se agora que son as 22:15 horas da noite, a el lle dá un infarto e vai ao CHUAC na Coruña, e lle din, non, mira, é que hoxe xa atendimos a dez infartados e a ti só te imos atender pagando, entón, claro está, el tamén vai dicir que paga, pero que lle fagan a coronaria. Entón, loxicamente os pais queren ese outro servizo aínda que sexa pagando.

Continúa dicindo que eles entenden que hai moitas dificultades herdadas, claro que si, pero que deben entender que iso debe ser un servizo universal, porque é unha medida de fomento á natalidade, porque, por exemplo, así o Sr. Andreu, que agora non ten

fillos, pero que agarda que os teña, saberá e terá a seguridade de que con independencia de cal sexa en determinado exercicio fiscal a súa solvencia e capacidade económica, saberá que vai ter praza nun centro, que vai ter ese servizo de maneira gratuíta. A xente que manda a un fillo a comer a un centro escolar é por motivos laborais, por motivos de axenda, de todas esas cousas sobre compaxinar horarios, etc., porque non os pode atender na casa, non o fai por libre albedrío, non o fai por vontade e motu propio. Dende o BNG cren que aí si que deben facer un esforzo por procurar que, na medida do posible, sexan gratuítos, e sobre todo non xogar a dividir, non xogar a enfrontar á xente, a dicirlle a alguén que hai quen ten moito e lle está quitando a praza.

Conclúe dicindo que o problema non é ese, o problema é que non hai prazas para todos, e iso deben asumilo entre todos, porque eles saben que non é culpa total e absolutamente do goberno, claro que non, claro que hai moitos problemas herdados, pero entenden que esa maneira que o PP ten de sempre, privatizar neste caso de maneira clarísima parte do servizo, pois non é a solución.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que eles están de acordo con que o servizo sexa universal, pero unha cousa é que o servizo sexa universal e outra que sexa gratuíta, son cousas distintas. Hai servizos que son universais e que non son gratuítos, unha persoa pode alugar un pavillón, calquera o pode usar, é universal, pero non gratuíta.

Di que se teñen que poñer na situación. Para el, unha familia de tres membros que acrediten cobrar 21000 euros netos ao ano, pode pagar 20 euros ao mes pola comida dos seus fillos, para el si, unha parella cun fillo que cobre iso, para el poden pagar o servizo. Son concepcións políticas e, dende a cordialidade, poderán estar de acordo ou non nas medidas. A el parécelle xusto que o servizo sexa universal, pero que as persoas que o poidan pagar, que o paguen.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que as interpretacións que o Sr. Andreu está facendo sobre teoría política sobre formas de servizos públicos, admiten un montón de matizacións, e non lle vai dar agora unha clase, pero claro, cando se recolle doutrina que non corresponde coa súa ideoloxía, ás veces cométese erros. Di que os servizos públicos non se rexen todos exactamente polo mesmo criterio, non se lles pode aplicar a todos o criterio da progresividade, hai algúns que, como dixo o compañeiro do Bloque, serán universais, e outros progresivos. A finalidade do comedor escolar e do transporte escolar é facilitar a educación, eliminar as dificultades en zonas rurais, esa é a orientación que tiña esta medida. Se logo, cando faltan prazas de comedor, porque por parte da Consellería ou da administración correspondente non se dota de prazas suficientes aos comedores, ese é outro problema, pero non o poden centrar ou trasladar a que uns paguen e outros non paguen. É o mesmo que a universalización dos libros de texto, ou o exemplo que lle acababan de poñer con respecto á sanidade.

Neste momento a concelleira socialista maniféstalle á Sra. presidenta que se non modera a sesión, non se pode falar.

A Sra. presidenta contesta que si, pero que vaian terminando.

Dona Margarita Iglesias Pais continúa dicindo que é o mesmo argumento que utilizou o PP na gratuidade dos libros de texto, comenzaron a chamalo a gratuidade solidaria. Pois ben, naquel momento aquela medida non só tiña como obxectivo que cada neno gozase dos libros, senón tamén fomentar a reutilización, o ecoloxismo, é dicir, era un montón de obxectivos os que se pretendían con aquela medida. O que se busca coa educación e coa igualdade de oportunidades é que todos os nenos, con independencia da súa renda económica, teñan acceso aos mesmos dereitos e ás mesmas oportunidades.

Naquel momento era o mesmo, dicían que por que a un pai rico se lle vai dar. É o mesmo argumento sempre, o PP debe ter un listado e debe coñecer a moitas persoas que están nesa situación de cobrar 10000 euros ao mes, ela, pola súa parte, non coñece a tantos, ela coñece a xente que chega moi xusta. O argumento era exactamente o mesmo, por que lle van dar servizo aos que máis teñen, en detrimento dos que menos teñen. É mellor cargárselo e adoptar un sistema no que, efectivamente, deixa de educarse aos nenos na reutilización, na solidariedade, e garantízanlles unha subvención a un determinado número de pais para que adquiren os libros de texto.

O resultado é o que comentou antes, 160 euros, cando calquera que ten fillos en idade escolar sabe que iso non chega para adquirir os libros de texto, porque a subvención é para material e libros, e non chega para iso, non chega nin para o que menos ten. Ela, que ten fillos en idade escolar, pódelle dicir que a factura vén a ser sobre uns 300 euros, mentres que 160 é a subvención da Xunta.

Por outro lado, alégrase de oír neste pleno que están de acordo coa universalización dos comedores, dado que aquí ten habido debates encendidos sobre ese aspecto e o goberno municipal tenlles recriminado que esta non é unha demanda dos pais. A Sra. concelleira de Educación tenlles dito no pleno que non estaban de acordo coas mocións que se presentaron sobre a universalización do servizo de comedor porque esa non era unha demanda dos pais de Cambre. Iso foi o que se dixo.

Por outra parte, ela entende que ao Sr. Andreu lle pareza que a unha familia que gane 21000 euros/ano e teña fillos non lle supón un gran custo asumir 20 euros ao mes, pero non só é iso, senón que iso se suma á perda de nivel adquisitivo dos cidadáns, é unha suma. Ela entende que a el iso non lle pareza problemático, tendo en conta que o equipo de goberno gana moito máis soamente con media dedicación. A el non lle parece problemático, pero para familias con fillos si o é.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que xa que eles gañan tanto, non sabe por que o PSOE quere incluír na ordenanza de axudas de emerxencia social a persoas que cobran algo máis que el.

Dona Margarita Iglesias Pais engade que é por media xornada.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que o tema do comedor é moi sinxelo, axúdase ás persoas que non teñen recursos, e con iso de que non teñen recursos refírese a que unha familia de tres membros, formada por unha parella e un fillo, que cobran

menos de 21000 euros netos, non pagan, e a partir de 21000 pagan 1 euro cada día, 20 euros ao mes. A el iso non lle parece esaxerado, pero xa lle di que poden estar ou non de acordo. El si que coñece a situación, o que pasa é que, ao mellor, o exemplo non o teñen moi claro. El acaba de dicir que ten unha sobriña con 6 anos, e os libros de texto no Graxal para o vindeiro curso, para primeiro de educación primaria, valen 140 euros. Di que se acaba de informar, que lle preguntou á súa irmá esta tarde, precisamente por este tema da moción.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que segundo o Ministerio de Facenda, neste ano ten aumentado o número de ricos en España un 5%, alguén dixo esta mesma semana que cando unha crise económica provoca un incremento do 5% no número de ricos, esa crise empeza a deixar de ser só económica e empeza a ser moral. Dille que algo estarán facendo mal en canto ao reparto, ou en canto a diminución da desigualdade para que isto se estea producindo.

Sometida a moción presentada a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG; votan en contra os seis concelleiros presentes do PP e o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM; e abstense o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezanove votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal do BNG contra a minería salvaxe e contaminante

Rexistrada de entrada ao núm. 8381 o día 20 de xuño de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“A explotación dos recursos mineiros e particularmente dos metais, está controlada por grandes empresas transnacionais que operan baixo criterios especulativos. O seu alto prezo nos mercados fai que a explotación e extracción procure beneficio rápido a costa do grave impacto ambiental e riscos para a saúde das persoas.

En Galicia existen 520 explotacións mineiras, a maior parte delas foron autorizadas e perviven grazas a normas aprobadas no réxime franquista, que non tiñan en conta a realidade do país nin un aproveitamento sustentable dos recursos.

Nin a Xunta de Galicia nin o goberno do Estado teñen o menor interese en mudar esta

situación. Así o proxecto mineiro de ouro de Corcoesto, recibiu a declaración de impacto ambiental positiva da Xunta logo de tramitarse como de interese estratéxico, sen coñecemento dos/as habitantes da zona. O mesmo aconteceu co plan sectorial de actividades extractivas, encargado ás empresas do sector mineiro (Cámara Mineira de Galicia) sen contar coa participación das entidades sindicais, ambientalistas, veciñais e profesionais. Este plan ameaza espazos naturais protexidos, como a Serra do Courel, Corcoesto en Bergantiños, O Ribeiro, Celanova, as Fragas do Eume, a Serra do Galiñeiro, a Limia ou Terra Chá, que están baixo esta ameaza.

A minería a ceo aberto e a fractura hidráulica ou 'fracking' son actividades con graves impactos sobre o territorio, o medio ambiente, e a saúde. Consume grandes cantidades de enerxía e auga e manexa substancias tóxicas, como o cianuro, que poden ter graves consecuencias para o ambiente e a saúde das persoas, a contaminación do solo e dos acuíferos. Os supostos beneficios económicos e de xeración de postos de traballo non compensan os prexuízos ambientais, socioeconómicos e na saúde humana. A extracción de ouro implica o uso de cianuro, unha substancia química altamente tóxica, mesmo potencialmente letal, que pode ter impactos graves na saúde humana, no medio ambiente e destrutivos na diversidade biolóxica, prohibido en moitos estados do mundo.

Existe un clamor para que se prohiba a macrominería a ceo aberto e con cianuro, ademais da necesidade de establecer avais suficientes e seguros de responsabilidade civil que permitan cubrir a situación máis catastrófica que puidese ocorrer.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG do Concello de Cambre solicita a adopción deste acordo polo Concello de Cambre no que se insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro: Retirar o documento de inicio do Plan sectorial de actividades extractivas de Galicia e elaborar un novo coa participación e consenso dos axentes que deben formar parte do Consello Galego da Minería, como marca a Lei 3/2008, de ordenación da minería de Galicia.

Segundo: Prohibir a extracción de minerais metálicos polo sistema de ceo aberto, eliminando completamente o uso do cianuro ou substancias que poñan en risco a saúde ambiental e das persoas, así como as técnicas de 'fracking', en todo o territorio, incluída a plataforma continental.

Terceiro: Crear con urxencia o Consello da Minería de Galicia, tal e como establece a Lei 3/2008, polo carácter estratéxico dos recursos existentes no subsolo e plataforma continental, e deixar de conceder permisos de exploración, investigación e explotación, mentres tanto.

Cuarto: Esixir o establecemento de seguros de cobertura suficientes de responsabilidade civil por eventuais accidentes e constituír un Fondo de Restauración Ambiental para garantir a reparación do medio afectado pola actividade mineira, unha vez concluída esta.

Quinto: Someter as autorizacións de explotacións mineiras ao impacto que teñan sobre outras actividades económicas que son sustento básico da economía e que

dependen tamén doutros recursos naturais, como os agrogandeiros, pesqueiros, hídricos, turísticos, forestais ou de lecer.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción. Brevemente quere sinalar que parece que ten entrado unha febre pola minería en Galicia, estanse dando licenzas de explotación con demasiada alegría. Tal e como se recolle na moción, consideran que ante este tipo de explotacións, especulativas en moitos casos, que obedecen a unha situación conxuntural de alto prezo dos metais nos mercados mundiais, é necesario que por parte da administración responsable, neste caso a Xunta de Galicia, se realicen valoracións dos efectos sobre o medio ambiente, a saúde e a economía para casos de accidentes graves e situacións de perigo, e ademais non se están requirindo como se debera, garantías financeiras suficientes para facer fronte a posibles responsabilidades por danos medioambientais. Polo tanto, o seu voto vai ser a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por doce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde da Sra. presidenta, a secretaria da Corporación dá conta do seguinte asunto:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 923 de data 21 de xuño de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Rocío Vila Díaz dende o día 25 de xuño ata o día 1 de xullo do ano 2013, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 17 de xuño de 2011.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 8524 o día 22 de xuño de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Resulta relativamente frecuente no noso concello atoparnos ante situacións de vivendas deshabitadas que presentan un estado de abandono tal que as converten en verdadeiros focos de insalubridade.

Frecuentemente estas situacións teñen a súa orixe en patrimonios sucesorios sen partir nos que os herdeiros non asumen as responsabilidades que, como copropietarios, lles corresponden.

Un claro exemplo do manifestado témolo na vivenda, e terreo anexo, sita no medio do núcleo de Amil, sinalada co número 29 de policía, que dende hai máis de trinta anos atópase abandonada e en estado ruinoso. As silvas ocúpana e está chea de ratas e desperdicios que afectan á salubridade e ornato da zona.

Os veciños teñen denunciado en múltiples ocasións esta situación sen que ata o momento se adoptara ningunha solución. Por todo iso, é polo que se solicita que, con carácter de urxencia, se adopten as medidas precisas para rematar con esta situación, procedendo, ante a inacción dos propietarios, á execución subsidiaria por parte do concello dos traballos precisos de roza das silvas, desratización e desinfección do sinalado terreo.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que teñen iniciado expediente de orde de execución. É certo que, polo que consta no expediente, isto é dunha herdanza, intentarán notificárllelo aos herdeiros ao longo da vindeira semana. O que se lles di é que teñen que respectar unha serie de artigos da Lei do solo onde se di que teñen que manter o terreo en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que tendo en conta que estes expedientes adoitan demorarse no tempo, e tendo en conta tamén a situación, que el case se atrevería a dicir, sen ser un experto, é de ruína inminente do edificio, entende que habería que tramitar este expediente por un procedemento o máis abreviado posible, buscando unha solución rápida ao problema. Como xa dixo, está rodeado doutras casas e el non sabe o estado de conservación da casa, pero polo que ten apreciado é bastante deficiente e incluso corre perigo de derrubarse o tellado, co cal os danos poderían ser maiores aos que se están denunciando.

Conclúe dicindo que, polo tanto, este non é un expediente máis, porque non se poden olvidar de que en casas lindeiras viven nenos de curta idade e podería haber un accidente que ninguén desexa.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que, en principio, no informe que fixo o técnico fala só de limpeza e roza do terreo, unha vez que se teña conseguido, ou á par, pódese ir mirando se realmente está nese estado de ruína do que falan, porque o técnico non fixo referencia no seu informe a estado de ruína, pero poden pedirlle que o estude tamén sen ningún tipo de problema.

Don Augusto Rey Moreno di que o sinala porque non é fácil acceder á vivenda, porque, entre outras cousas, as silvas o impiden. El cre que debe haber algún informe

complementario do emitido, en canto a ver se iso está en situación de ruína inminente, e tomar as medidas coa máxima urxencia. En todo caso, estarán en contacto para tomar unha solución.

2º Como cada ano, e sen que se teña aprendido a lección por parte do goberno municipal do ocorrido en anteriores campañas, as silvas volven a ateigar as beirarrúas e cunetas dos camiños municipais, facéndoos practicamente intransitables para os peóns. Esta situación xeralizada de perigo é, se cabe, máis preocupante naqueles que, sen estar dotados de beirarrúas, nin beiravías, sufren un importante tráfico de vehículos. É o caso da estrada municipal entre Cela-Meixigo-San Lourenzo.

Por todo iso solicitamos que con carácter de urxencia se roce o citado vial.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que agardan que como máximo en quince días comece a roza de todos os camiños.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, sinala que lles parece perfecto, pero o que quere lembrarlle ao equipo de goberno, en concreto ao concelleiro de Obras, é que levan dous anos de lexislatura, o primeiro ano, cre lembrar, cando se tomou posesión nesta Corporación, aduciron que o prego para a contratación non quedara feito polo anterior equipo de goberno e comprometéronse a que, para o ano seguinte, se se podía contratar no mes de febreiro ou marzo, así se faría, para facelo con maior prontitude.

Continúa dicindo que lle parece que se é necesario facer as cousas haberá que facelas, porque os cartos el é dos que sempre dixo e di aquí, que lle parece que os veciños pagan os impostos e teñen dereito a unha serie de servizos, e hai que priorizar eses gastos. O Sr. concelleiro de Obras dixo que se se curtaba a finais do mes de marzo ou abril, suporía posiblemente facer dous cortes na tempada, pois é algo que teñen que valorar, e se hai que facer os dous cortes na campaña, hai que facelos. Agora mesmo, eles puxeron por exemplo esa vía que é moi perigosa porque non ten beirarrúas, pero como esa vía o Sr. concelleiro sabe, porque ten constancia de que el coñecedor do tema, está practicamente todo o concello. Hai moitos veciños que están dobrando a maleza para poder ver sinais de tráfico, sinalización que é importante para todos os que circulan polas vías deste concello.

Por todo isto, el pensa que dunha vez por todas teñen que poñerse as pilas, poñer mans á obra neste tema, e se se ten que contratar a roza no mes de marzo, contratala, e se se teñen que facer dúas podas, facelas, é moi importante, porque o que non se pode é chegar a situacións como as que están sufrindo agora mesmo en moitas vías, estanse poñendo en perigo as vidas de moitos dos veciños de Cambre.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que están de acordo en que posiblemente haxa que facer dous cortes, e efectivamente hai dous anos que eles colleron o tema, o primeiro ano comezouse en agosto, este ano agardan comezar na primeira quincena de xullo. El é consciente de que deberían comezalo antes e facer dous cortes, iso sería o ideal, e posiblemente para o vindeiro ano o propoñan nos orzamentos, facer un corte aproximadamente en maio, antes non debe facerse porque tampouco a maleza está demasiado grande, e ao mellor en agosto outro. Este ano está como está e vaise

adiantar un pouco con respecto ao ano anterior, aínda que non moito.

3º Dende a entrada en funcionamento, o pasado 8 de abril, das zonas de estacionamento con limitación temporal, máis coñecidas como “parking express”, nas rúas Constitución, Tapia e Párroco M. Cobas da parroquia do Temple, e ata o día 11 de xuño, téñense denunciado por parte da Policía Local 70 infraccións por estacionamento de vehículos sen título habilitante ou por exceder do tempo máximo permitido.

Este número de denuncias representa case o 50% do total de infraccións denunciadas no citado período por estacionamentos indebidos nesa zona do concello.

Son moitas as queixas dos veciños que, sen ter recibido a información precisa e suficiente desta nova modalidade de aparcamento, teñen sido denunciados e sancionados con multa de 90€ por estacionar indebidamente nestas zonas.

Por todo isto, solicitamos se leve a cabo unha masiva campaña informativa sobre a situación e funcionamento destas zonas de aparcamento limitado no tempo, dirixida a todos os domicilios de Cambre, e, así mesmo, se faga unha revisión de oficio de todas as denuncias que tiveran como motivo o mal uso delas debido á desinformación dos condutores.

A Sra. presidenta sinala que este rogo o contestará o Sr. alcalde por escrito.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que prefiren reiteralo no próximo pleno para que o conteste verbalmente.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 8526 o día 22 de xuño de 2013.

1º Na ponte vella do Burgo na parte do Temple, hai varias lousas de granito rotas e ademais a iluminación non funciona e faltan varios puntos de luz, sendo un risco para o tránsito peonil. Por isto preguntamos ao goberno municipal se ten pensado facer algún tipo de actuación no dito lugar.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que xa se lle pasou aviso á minibrigada de obras para que resolva o problema, menos os puntos de luz. Di que os puntos de luz levan un montón de anos sen alumar e teñen que ver que tipo de solución se toma porque alí rompen todo, de feito faltan varios, roubaron os cables, etc., pero como dixo, xa leva así varios anos. Tíñase falado, cre lembrar, o ano pasado, de poñer unha columna cuns focos na zona do Paraugas, de feito pediuse un orzamento que andaba preto dos 2700 ou 2800 euros, pero había problemas porque tiñan que pedir permiso a Patrimonio para que deixara poñelos. Ao final foi quedando co tema das obras da ponte e está así, a idea é resolver o das plaquetas de inmediato e ver que se fai coa luz.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, explica que ela o di porque agora van ser as festas do Burgo, dentro de nada, e nesa ponte pola que pasa todo o

mundo, de noite non se ve, nada de nada, por iso era importante mirar o tema da luz, porque pensa que é bastante perigoso.

2º Na illa debaixo da autoestrada fronte ao polígono da Barcala, hai unha ponte de acceso, onde os donos dos cans que alí van, depositan as bolsas dos excrementos na beira da ponte por non ter papeleiras. Rogamos ao goberno municipal unha solución, pola insalubridade que leva consigo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, informa que se lle dixo á brigada que puxera un par de papeleiras, unha xunto á ponte e outra onde fai esquina, onde se xira cara ao colexio. Se para a semana se puideran poñer, xa se faría, pero non é seguro porque están só tres, un de vacacións, e están con temas de levar cousas ás festas, e demais. A ver se con motivo da moción que antes retirou EU, poden dar solución e acadar persoal para poder traballar e resolver problemas que teñen pendentes dende hai moitísimo tempo, con todos os grupos e máis con veciños.

3º Na rúa de Penouviña á altura do núm. 22 A, o asfalto estase levantando polas raíces das árbores, e sobre o núm. 19 unha fochanca reparada pegada á rede de sumidoiros volve a levantarse. Polo que preguntamos ao goberno municipal se ten pensado algún tipo de actuación na dita rúa.

Don José Antonio Orosa Fernández, concelleiro de UxC, manifesta que el non vai poñer as súas esperanzas de obras de futuro nas mans do que lle poidan pedir ao Sr. concelleiro, pero o que si espera é que as modificacións orzamentarias que se van facer, doten á concellería do Sr. Marante dalgún carto máis, porque parece que todos os levan o resto das concellerías, porque non fai moita cousa.

Di que o que si lembra é que estivo co Sr. Marante na Penouviña, no número 22 e no 19, hai xa uns meses, mirando a posible maneira de ampliar un camiño onde só circulan vehículos nun sentido, porque se se cruzan dous non poden pasar, e se cruza un e un peón, o peón vai telo mal. Lémbrolle que ese camiño segue igual que estaba, lémbrolle que teñen as sinaturas de varios veciños, e pediríalle que se ten pensado facer algo, que llelo diga, senón, en vez de vir ao concello a pedirillo a el, comezarán a recadar e pedirlle cartos aos veciños para facer as súas obras.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, sinala que, respecto do rogo que fai UxC por escrito relativo á raíz dunha árbore, vaise comezar coas obras na Penouviña, que se meteron no POS, e aí van resolver o problema da raíz da árbore e o de abaixo é tapalo, tampouco é outra cuestión.

En canto ao tema do ensanche do camiño, iso haberá que facer xestións, non con solicitudes, senón con permiso dos lindeiros. Falar con eles e ver a posibilidade de poder amplialo, porque, efectivamente, é un camiño que colle un coche escasamente.

Don José Antonio Orosa Fernández manifesta que xa está falado con varios dos propietarios, pero lémbrolle que noutros sitios deste municipio tamén se falou cos propietarios e seguen esperando a que se realice algunha obra, polo tanto, non merece moito a pena falar cos propietarios para que despois veñan e se rían deles, e pregunten para que quería o concello os terreos se despois non fai nada.

Conclúe dicindo que se o Sr. Marante se compromete a facer esas obras, el comprométese a conseguir todos os terreos necesarios.

Don Manuel Marante Gómez contesta que non ten problema. Di que hai obras que reconece que o ano pasado quedou en facer, cos obreiros que viñesen a través do convenio das Corporacións locais co INEM, pero non veu esa xente e quedaron colgados, quedaron compromisos pendentes con UxC e con outras persoas e veciños. Di que el ten varios compromisos, por iso precisamente queren saber se agora poden contratar algunha xente que estea no paro, e poder facerlle fronte a todas estas cousas.

Comprende que estean enfadados con el por non ter feito iso, pero é que foi imposible facelo. Agarda que ao longo deste verán poidan resolver eses problemas e comezar a facer as cousas con algo máis de dilixencia da que se puido facer o ano pasado, por falta de persoal.

Don José Antonio Orosa Fernández dille ao Sr. concelleiro que el estalle falando do futuro, nin están enfadados con el, nin lles pasa nada, nin teñen ningún problema, el estalle falando do futuro, estalle preguntando se se compromete a facer as obras das que el consiga os terreos necesarios. Só lle pide ese compromiso.

Don Manuel Marante Gómez responde que el pódese comprometer con algunhas cousas, sempre que teña orzamento para poder executalas, e o orzamento forma parte do xogo deste goberno tamén. Cando haxa orzamento haberá obras que poderá facer, nas que se poderá comprometer co Sr. concelleiro de UxC, e haberá outras que non. As que ten comprometidas con el, vainas facer, tardará un pouco máis, pero vainas facer, pídelle que no se preocupe por iso, pero tamén lle pide que o deixe acabar de facer as que ten agora e despois falarán do resto.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 8529 o día 22 de xuño de 2013, xunto coa moción e preguntas presentadas para este pleno.

1º O PXOM é un documento imprescindible para o futuro desenvolvemento do noso concello que vai camiño a eternizarse, dende a última xuntanza cos técnicos do concello e responsables do goberno, quedou manifestamente claro o incumprimento por parte da empresa redactora respecto dos prazos e irregularidades existentes na súa elaboración. O noso grupo municipal solicitou nos facilitaran por escrito os problemas existentes. Transcorridos case tres meses da dita xuntanza, seguimos sen información sobre o atraso na elaboración, e das posibles consecuencias que poden producirse no noso concello, derivadas de non ter aprobado o documento da planificación urbanística na presente lexislatura.

Polo exposto, pregamos nos informen da situación actual, e nos faciliten por escrito a documentación requirida polo noso grupo na xuntanza do pasado 22 de abril, respecto do PXOM.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, informa que teñen incoado en Resolución de 7 de xuño un expediente para a imposición de penalidades á UTE formada por Idom e Arnaiz. Tiveron un período de audiencia de 10 días que terminaba este martes, o día 26, no cal teñen presentado alegacións, e agora están pendentes de mirar esas alegacións e responder a elas.

Respecto da documentación que se pide, ao longo da próxima semana faralle chegar tanto copia da resolución como dos informes que ditaron esa resolución e, se é posible e non hai ningún problema para facilitárllelas por parte da administración, tamén copia das alegacións.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece a resposta, e sinala, para rematar, que o que teñen é un proxecto dun borrador de plan de Urbanismo, que se atopa na UVI deste concello, e ferido de morte, por iso cre que os grupos da oposición teñen dereito, así como os veciños, a saber a situación na que está. Parécelle importante esa información que lles dá a concelleira, porque haberá que trasladarlla aos veciños para que saiban en que situación se atopan con este documento.

2º No pasado pleno do mes de abril, o noso grupo municipal, preguntou sobre a adhesión do Concello de Cambre á iniciativa levada a cabo por un terzo dos concellos galegos que decidiron denunciar as irregularidades na facturación das compañías eléctricas.

O concelleiro responsable contestou que o Concello de Cambre non detectou anomalías que o levaran a participar nesta iniciativa. Coidamos que aínda que na facturación non existan anomalías, podemos considerar como unha irregularidade, por exemplo a existencia de varios puntos de subministración que non teñen contador, polo que a compañía factura unha estimación, que non pode ser realizada en base a datos reais.

O noso grupo municipal coida que esta é unha moi boa oportunidade para regularizar a situación das subministracións eléctricas do concello.

Con base no anteriormente exposto o noso grupo municipal prega:

Que se nos informe sobre os motivos polos que o Concello de Cambre fixo caso omiso á comunicación que enviou a FEGAMP a todos os concellos para que denunciáramos irregularidades como a exposta das estimacións na facturación. Así mesmo, pregamos que reconsideren a conveniencia de adscribirse a esta iniciativa.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que, efectivamente, hai da orde de algo máis de 1300 puntos de luz, que están sen contratar e nos que hai unha facturación estimada. Correspóndese, aproximadamente, coa metade do que se consume, e Fenosa está a presionalos para que regularicen esa situación. Pero esa situación, con tantos puntos de luz, require un investimento tamén importante, hai que facer novos cadros, hai que facer tendidos, e Fenosa, neste caso, é a interesada en que se regularice o tema, é a que está a presionalos para facelo.

Conclúe dicindo que están tratando de preparar un proxecto para facelo, pero, en todo caso, non lles están cobrando máis do que se consume, senón máis ben todo o contrario.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que, entón, o que ela entende, e pídelle que a corrixa se se equivoca, o que lle quere dicir é que non estiman a posibilidade de adscribirse a esa iniciativa, polo feito de non ter que facer o investimento para regularizar os puntos de luz.

Dille ao Sr. concelleiro que el sabe perfectamente que ademais de gasto, tamén supón un ingreso. El sabe que o concello tenlle que liquidar á compañía eléctrica, cre que é un 1,5%, pola utilización privativa do chan municipal, é dicir, iso sería un ingreso para Cambre, habería que ver de que contía están falando, porque tamén, tendo en conta que non hai contador e que se está facendo con base a estimacións, a liquidación dese imposto estase facendo de forma estimada, non saben se están cobrando o que teñen que cobrar a Fenosa pola utilización do solo público.

Polo tanto, non é simplemente dicir que teñen que facer un investimento, senón que teñen que facer un investimento que pode supoñer un ingreso, por iso eles consideran que é unha boa oportunidade para ver se no concello se está tomando a decisión, e se o equipo de goberno está tomando a decisión apropiada, porque ao mellor si que lles convén regularizar esa situación, unha, por ter o tendido eléctrico en condicións, porque cre que Cambre non debería ser un equipo de terceira, e outra por todos os problemas que hai, ademais, basicamente por iso. Di que sabe do que fala porque a súa vida profesional está vinculada cunha compañía eléctrica, e están falando de que é probable que á parte de estar perdendo ingresos por esa liquidación estimativa dun imposto que pode ser superior ao que se está liquidando, igual están pagando máis do que se ten que pagar, porque as estimacións de Fenosa son, asegúrallo, realmente moi altas, e asegúrallo porque sabe do que fala.

Por iso no rogo solicitan que o reconsideren, e con coñecemento de causa, porque igual hai que reconsiderar esa canle, xa non só pola mediación que está facendo a Fegamp coas compañías eléctricas, que cre que Gas Natural Fenosa aínda non contestou, senón porque tamén vai facilitar as cousas. De feito, tamén lle comenta, porque é bastante interesante, que a Consellería de Economía e Industria, en colaboración coa propia Fegamp, e precisamente por esta iniciativa, vai poñer en marcha unha unidade de aforro eléctrico local. Esta unidade vai ter unha función de apoio integral de asesoría enerxética en materia de subministración aos concellos, de forma gratuíta, van facer dúas ferramentas informáticas, que para os técnicos seguramente veñan estupendamente, para realizar auditorías enerxéticas, e por medio do Laboratorio de metereoloxía, vanse solicitar e desenvolver inspeccións para verificar o correcto funcionamento dos contadores naqueles concellos que o soliciten e que se adhiran a esta proposta.

Por todo iso, solicitan que o reconsideren, porque consideran que é moi, moi interesante.

Don Manuel Marante Gómez responde que mañá mesmo trasladará aos técnicos esta información, e pediralles que chamen, porque se é interesante para os veciños, dende

logo farano, está claro.

3º O pasado mes de febreiro, deron comezo as obras de urbanización da parcela destinada a situar a gardería infantil no Temple. Dende o noso grupo, temos comprobado unha actividade irregular nos traballos.

Pregamos nos informen da situación actual das obras e do prazo previsto para rematar a urbanización da parcela.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que o prazo que teñen para rematar esta urbanización é de cinco meses. Si que é verdade que, sobre todo ao principio, por condicións climatolóxicas, os traballos non foron todo o rápido que quixeran, pero a día de hoxe xa teñen constancia de que levan un par de meses traballando con certa regularidade, e estiman, máis ou menos, un atraso dun mes.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que cre que todo tipo de obras que se realiza no ámbito do termo municipal deberían ter un cartel explicativo da obra que se está acometendo e do tempo de comezo e duración, alí non existe, por iso lle roga que tramite que a empresa poña o cartel.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 8623 o día 25 de xuño de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º A praza da urbanización da Barcala situada entre a rúa Río Gándara e o Eroski ten un estado de conservación bastante deficitario: pouco mobiliario urbano e en mal estado, pavimento desgastado ou roto, zona verde descoidada.

Rogamos por todo isto que o goberno local faga as obras pertinentes de arranxo da praza para que as veciñas e veciños da Barcala poidan desfrutar desta zona de lecer da urbanización.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que seguramente onde está o aglomerado, efectivamente está deteriorado, porque aí van as lumaradas e vai de todo, o que é o céspede non está o bastante coidado. Efectivamente iso sempre está mal, poden mirar de botar un pouco de aglomerado, regularizar aquilo un pouco, pero pouco máis, porque ao ano seguinte van volver queimar alí.

2º Un ano máis as marxes do río Mero non presentan o mellor dos estados ao inicio da tempada de verán.

Rogamos infórmese ao pleno das xestións realizadas diante dos organismos oportunos e dos compromisos adquiridos, se os houbera.

A Sra. presidenta sinala que esta pregunta a contestará o Sr. alcalde, e pregunta se prefiren que sexa por escrito ou no próximo pleno, ao que lle contestan que no

próximo pleno.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 8524 o día 22 de xuño de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª A pregunta formulada no Parlamento de Galicia polo secretario xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, Manuel Vázquez, na que solicitaba información sobre os diferentes centros de saúde pendentes de construción en Galicia, entre eles o do Temple, o presidente da Xunta de Galicia contestou que a redacción dos proxectos construtivos tiña sido adxudicada recentemente. O que non dixo o Sr. Núñez Feijoo é que nos pregos de licitación dos citados proxectos se recolle a facultade da Xunta de renunciar á construción dalgún ou todos os centros en función da dispoñibilidade orzamentaria e a demanda asistencial.

En 'El Ideal Gallego' de data 13 de xuño pasado, o Sr. alcalde de Cambre manifesta sobre este tema: "Estou satisfeito porque a Xunta cumpre con Cambre e coa súa palabra. Trátase dunha obra crucial para o benestar dos cambreses e cónstame que para o goberno autonómico este ambulatorio é prioritario."

Tendo en conta a falta de garantías da Xunta para a construción dos centros de saúde, tal e como consta nas bases da licitación da redacción dos proxectos construtivos, e o infundado optimismo que manifesta á prensa o Sr. alcalde sobre este tema, este grupo pregunta

Que garantías pode presentar o alcalde de Cambre aos veciños de que o centro de saúde do Temple vaise executar?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que a redacción do proxecto está adxudicada, e pregunta cal é o problema, están dentro de prazo, os compromisos estanse cumprindo puntualmente, e no momento en que haxa algún problema xa o reclamarán, pero por agora estase cumprindo.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, pregunta os compromisos de quen, porque os do Sr. alcalde non, xa que lles garantizaba que en xaneiro do 2013 ía estar en marcha o centro de saúde do Temple. Pero é igual, vai deixalo aí, porque eles non está falando de incumprimentos, coñecen perfectamente que se acaban de adxudicar os proxectos, e están preguntando por que dentro do prego se lle indica á empresa adxudicataria que a Xunta se reserva a posibilidade de non construír todos eles, e por riba prevese un sistema de compensación ao adxudicatario para aumentar, nese caso o que se lle vai pagar polo resto dos centros.

Por iso pregunta polas declaracións do alcalde de Cambre, nas cales garantiza que a Xunta vai cumprir e que Cambre, en concreto a parroquia do Temple, contará co seu centro de saúde. Tendo en conta a salvidade que establece o propio prego na adxudicación do contrato, quixeran saber que garantías ten o goberno municipal de

que se vaia construír o centro de saúde.

Don Felipe Andreu Barallobre agradécelle que llo explique así, despacito e vocalizando ben, a entende perfectamente, e non o vai deixar pasar, porque xa que ela o comenta, pregúntalle por que non hai centro de saúde ou por que non se están facendo as obras do centro de saúde neste momento, a resposta é porque o goberno socialista dos últimos trinta anos non lle esixiu á propiedade que fixera as obras de urbanización, esas obras de urbanización das que agora mesmo acaban de falar e que se están facendo, porque o actual goberno municipal esixiulle á propiedade que as fixera. Ese é o motivo de que non tiveran centro de saúde, porque o concello, mentres gobernaba o partido socialista, e o BNG en ocasións, non cumpríu coas súas obrigas.

Engade que están dentro de prazo, estanse cumprindo os compromisos, e o partido socialista pode ter algún motivo para desconfiar, pero eles non teñen ningún motivo para desconfiar da palabra do presidente Feijoo. A eles o presidente díxolles que este ano íanse licitar os proxectos, unha vez que o concello iniciase a urbanización, e unha vez feitos os proxectos, que se ían adxudicar. Dille máis, a palabra que eles teñen da Xunta de Galicia é que será o segundo centro de saúde, dos quince, que se vai construír. Ou sexa, que aínda quedan outros trece por detrás que poden caer antes que o de Cambre.

Dona Margarita Iglesias Pais manifesta que se alegra de que ao final lle explique e lle dea contestación á pregunta, o que lamenta é que sempre teña unha escusa respecto do pasado, porque despois de dous anos gobernando xa empeza a chial a escusa, dille que comece a buscar outra, outro tipo de excusas, antes era a cualificación do solo, agora as obras de urbanización, sempre son excusas que veñen a intentar contestar algo que ela non lle ten preguntado. Simplemente lle ten preguntado que, tendo en conta as condicións en que están redactadas as cláusulas do prego, cales son as garantías que teñen de que se fará o centro, e o que el lle contestou é que ten a palabra do Sr. Feijoo e que para eles a palabra do Sr. Feijoo parece que é palabra de Deus, ao mellor o resto dos cidadáns non confían tanto nel.

A Sra. presidenta di que pasan á seguinte pregunta.

2ª Este grupo ten noticias da reunión que o Sr. alcalde mantivo a mediados do mes de abril co subdelegado e co delegado do goberno en reclamación de apoio para o cobro dos fondos FEDER que están pendentes de liquidar ao noso concello polos investimentos executados con cargo ao programa Arume.

Cales son os resultados desa reunión en canto á data na que se teñen previsto liquidar ás arcas municipais as cantidades pendentes por este concepto?

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, sinala que agarda, por favor, que lle conteste con máis claridade que á pregunta anterior.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, explica que todos saben que o Concello de Cambre executou practicamente o 90% das obras do Plan Arume, subvencionado polos fondos FEDER no ano 2012, iso supúxolle ao concello un desembolso moi importante, era un proxecto que estaba previsto dende o ano 2007, en realidade

dende principios do 2008 ata finais do 2012, eran cinco anos, e o 90% executouse nun só ano, iso provocou, evidentemente, unha acumulación de pagos, e tamén que agora teñan unha contía importante que lles debe o ministerio, porque o ministerio é o xestor dos fondos.

Actualmente, o que lles debe o ministerio son dous millóns nove mil euros, que é diñeiro que o Concello de Cambre adiantou. Hai uns meses a situación era un pouco peor, debíanlles algo máis de diñeiro e por iso lle suxeriron ao Sr. alcalde que se reunira co subdelegado ou co delegado para expoñer esta situación, e que intentara acelerar os pagos para intentar, á súa vez, evitar tensións de tesourería, porque é unha cantidade importante tendo en conta o reducido, ou mellor dito, o comedido orzamento co que contan. Reuniuse con el, e el deulles a palabra de que vai intentar pagar todo, eses dous millóns de euros, antes de que finalice o ano. Agardan que sexa así e que non se prolongue máis, pero en principio o que saben, a información que teñen, é que van facer todo o posible por pagar eses dous millóns antes de que termine o ano, algo que, por outro lado, necesitan.

Don José Manuel Lemos Seoane pregunta se eses dous millóns nove mil euros que di que lles deben, o Concello de Cambre xa os ten pagados.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que claro, que o último pago que se fixo de obras financiadas co Arume, fíxose o 28 de decembro, de feito houbo algunha obra que se recepcionou o 25 e o 28 xa se pagou, é dicir, tardouse tres días en pagar. Todas as obras do Arume, todas, están pagadas, e non acadaron o 100% executado, algo practicamente imposible, pero teñen un 98% ou unha cousa así. Cambre, polos datos que teñen da empresa que estivo xestionando este tema, é, do plan operativo de Galicia, un dos concellos que ten máis porcentaxe de execución acadada.

3ª Dende hai tempo resultan reiteradas as demandas dos veciños, sobre todo daqueles que residen nas parroquias rurais, en canto á lentitude coa que poden acceder a Internet.

Que medidas ten pensado o goberno municipal para mellorar a velocidade da conexión a Internet no concello?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que en realidade dende o concello teñen pouco que facer, porque non teñen competencia ningunha, o único que poden tomar é algunha medida que ao mellor de forma colateral ou indirecta beneficie a parte da poboación. Todos saben que está aprobado o plan de banda larga da Xunta, que en concreto para o Concello de Cambre prevé que no ano 2015 todos os domicilios teñan unha conexión de polo menos un mega. A seguinte fase sería ter dous operadores, etc. Ese é o plan que teñen, pero en realidade a Xunta tampouco ten a competencia, a Xunta o que fai é abrir unha liña de axudas para as empresas prestadoras do servizo que renoven a rede, iso é un pouco como funciona.

Continúa dicindo que eles, de forma colateral, o que teñen conseguido é que, por exemplo, a compañía R lle preste servizo ao polígono de Espírito Santo, cousa que ata agora non facía. Era unha petición que lle fixeron porque necesitaban a conexión para o centro de formación, e a raíz diso pedíronlle á empresa que, por favor, fixera a

instalación en todo o polígono e axilizaron os trámites para concederlles o permiso.

O mesmo ocorreu co edificio que está pegado a Vila Concepción, a ese edificio non chegaba R e eles, co obxectivo de que cando se faga a licitación da telefonía do concello poida participar máis dun operador, xa que alí só prestaba servizo Telefónica e os demais son operadores virtuais, autorizaron á empresa a que mentres o concello facía as obras urbanizadoras, metera a canalización para darlle servizo a eles en Vila Concepción e de paso tamén darlle servizo a ese bloque de edificios.

Conclúe dicindo que eles non poden facer moito máis, poden iso, a través de medidas colaterais facilitar que se preste o servizo, pero o resto, a competencia quen a ten son as propias compañías, e quen pode subvencionar ás compañías é a Xunta a través do plan de banda larga.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 8527 o día 22 de xuño de 2013.

1ª Na rúa Antón Fraguas do Temple, hai un sumidoiro totalmente tupido e os adxacentes non están ben de todo, polo que preguntamos ao goberno municipal se ten pensado algunha actuación na dita rúa.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que, como dixo antes, se acadan que se contrate persoal, a intención é deixar un grupo de dúas ou tres persoas en cada zona urbana do concello para facer todo ese tipo de cousas que hai por alí, baldosas, etc. Dúas ou tres no Temple, outras dúas ou tres na Barcala e outras dúas ou tres en Cambre. Logo, a idea é ter tamén un grupo de xente para ir polas parroquias rurais, tamén para resolver problemas que teñen en todas elas.

Tan pronto como poidan facerse cargo desa xente empezarán a repasar todo iso, porque a verdade hai bastantes sumidoiros dese tipo que están tupidos en todas as zonas.

Don José Antonio Orosa Fernández, concelleiro de UxC, sinala que a resposta do Sr. Marante se perpetúa, unha vez tras outra. Di que a política macroeconómica dos grandes partidos políticos que están a levar aquí no concello cre que lles leva a sairse un pouco de circunstancias máis importantes e que lles afectan no día a día, e a pouca presenza de veciños neste pleno talvez sexa un pouco debido a iso.

A continuación, o Sr. concelleiro dá lectura ás preguntas dous e tres presentadas polo seu grupo.

2ª Na praza José Luis Caso Cortines do Temple, onde hai un parque infantil, os usuarios observan falta de limpeza. Polo que preguntamos ao goberno municipal se se fai limpeza adecuadamente.

3ª No paseo peonil detrás das naves do polígono da Barcala, existe un aro metálico para o peche do paso dos vehículos a motor, que se encontra arrancado e arrimado á parede das naves, preguntamos ao goberno municipal se se vai facer algunha

actuación para a súa reposición.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o tema do paseo peonil, do aro de ferro, iso teñen aviso na brigada, igual que para as papeleiras, para facelo todo, xunto co tema do afundimento do que falou antes EU ao final dos Templarios. A ver se poden a semana que vén, como dixo antes.

En canto á praza José Luis Caso Cortines aí pasa todos os días un membro da limpeza viaria a varrer. Unha vez á semana pasa tamén a varredora mecánica. Vista a pregunta presentada, di que acudiu á zona hoxe pola mañá, cara ao mediodía, sen avisar antes á xente da limpeza viaria, e cre que está en bastante bo estado. Despois preguntoulles como facían a limpeza e foi o que lle dixeron, que ía todos os días un membro da empresa, e unha vez á semana a varredora. Di que el tampouco viu aquilo tan sucio.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 8529 o día 22 de xuño de 2013, xunto coa moción e rogos presentados para este pleno.

1ª Segundo o acordado no convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e LP-45 Producciones e Iceberg Audiovisual S.L., para a celebración do festival Brincadeira, e concretamente no punto cuarto da cláusula segunda, recóllese o reparto dos ingresos xerados polo festival.

Poden informarnos cantos pagos e de canto importe e en que datas, temos recibido no concello, por parte das entidades organizadoras do festival?

A Sra. presidenta sinala que contestará o Sr. alcalde e pregunta se prefiren por escrito ou no vindeiro pleno, ao que lle responden os Sres. concelleiros de EU que no pleno.

2ª Sendo conscientes de que o paro é un dos problemas máis importantes do concello, dende o GDR Mariñas-Betanzos realizáronse unhas xornadas de "Oportunidades de emprendemento con produtos locais". A mencionada asociación, ten entre outras a finalidade de promover o desenvolvemento rural no dito territorio do que forma parte o noso concello.

Pode informarnos da incidencia que pode producir esta iniciativa para a xeración de emprego e crecemento socioeconómico do noso concello?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que os programas de oportunidades de emprendemento con produtos locais que se enmarcan dentro das accións de promoción da candidatura para reserva da biosfera, que é un recoñecemento que xa se ten conseguido, están formados polo Programa integrado de emprego rural Emprega, que o concello publicitou na súa páxina web e no taboleiro de anuncios, informando aos posibles emprendedores asesorados en ADL. Ao primeiro programa integrado asistiron sete alumnos de Cambre, ao segundo asistiron oito.

En canto aos obradoiros de agricultura ecolóxica, no verán do 2012 asistiron doce alumnos, e este verán hai trece.

No ámbito dos emprendedores agrarios tamén están asesorando dende a ADL sete proxectos empresariais relacionados co sector primario, e asisten tamén a estas xornadas, entre eles un proxecto agroforestal, unha queixeira tradicional que é ademais vendedora ambulante da feira de Cambre, unha granxa escola/aula da natureza. Ademais, a unha veciña con terreos, que non tiña unha idea clara de que proxecto iniciar, ofrecéuselle poñela en contacto con outros produtores ou alumnos destas xornadas. Tamén unha empresa de servizos agrícolas con maquinaria, así como unha muller de mediana idade que dispón de terras para producir e que precisa ideas empresariais, que será convocada á próxima xuntanza de emprendedores agrarios. Por último, un invernadoiro ecolóxico.

Conclúe dicindo que o que se está facendo, a través de GDR en colaboración coa ADL, é apoiar todo tipo de proxectos emprendedores que xeren un valor engadido como fonte de xeración de emprego.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que pensaba que o ía informar sobre unhas xornadas concretas que houbo, cre que sobre a elaboración do lupo ou algo parecido, porque na pregunta falábanse dunhas xornadas en concreto.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe sinala que a pregunta falaba dunhas xornadas de oportunidades de emprendemento con produtos locais. Ela informárase para ver se, ao mellor, o Sr. Taibo ao que se refire é a outras xornadas que houbera en GDR diferentes ás que ela explicou, e contestaralle con moito gusto, mañá mesmo se quere, pero agora mesmo é o que sabe.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que estas xornadas estiveron recollidas na páxina web das Mariñas-Betanzos, non hai nada que inventar, e estase referindo a unhas xornadas que houbo sobre o cultivo do lupo e a posible incidencia na zona de Betanzos.

Por outra parte, cre que agora que xa está aprobado definitivamente o Regulamento orgánico municipal, destas cuestións deberían ter cumprida información, tanto do GDR, como do Consorcio das Mariñas, e outros, por escrito. Solicítalle á Sra. concelleira que lles facilite por escrito a información que lles acaba de dar, tal e como contempla o Regulamento orgánico municipal.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe responde que está ben, que ela dálle toda a información que queira por escrito, e el sabe que ten sido invitado en numerosas ocasións a solicitarlla sen ningún problema na ADL, e segue a mantelo. Se quere que lle pase esta información por escrito, mañá a terá.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que está ben, pero que llela pide aquí no pleno para que llela facilite, á parte de que ten a obriga de facelo xa que así o contempla o Regulamento orgánico municipal.

3^a Tras a aprobación dos orzamentos, e tendo xa o informe técnico sobre o sentido da

circulación da rúa Estanque de Abaixo e colindantes, o noso grupo municipal pregunta:

Pode o concelleiro responsable informarnos sobre como vai quedar o sentido do tráfico e para cando están previstas as actuacións conducentes á reordenación viaria desas rúas?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que están preparando unha memoria valorada para poder contratar toda a sinalización, ao finalizar o pleno facilitaralles un pequeno plano, en realidade un informe da Policía, onde poderán ver como queda sinalizado. Concretamente Estanque de Abaixo, con Luis Pimentel, no entronque, unha vai ser dirección cara á Tapia e dirección para abaixo, serán dunha soa dirección, para arriba e para abaixo, cara á rotonda de María Mariño. Despois as outras algunhas son de dobre dirección, etc.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, di que, entón, entende que serán de sentido único, que non haberá dobre circulación.

Don Manuel Marante Gómez sinala que xa o dixo, que vai ser dirección única cara á Tapia e dirección única para abaixo, non hai dobre sentido.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 8623 o día 25 de xuño de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª A conta da factura telefónica do concello ten sido motivo de polémica en non poucas ocasións ao longo de varias lexislaturas. Cal é a situación actual?

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que xa hai case un ano, contrataron a un enxeñeiro en telecomunicacións para que lles redactara os pregos, eses pregos están redactados e entregados dende hai meses, e están á espera de contratación.

A unha pregunta do concelleiro do BNG, don Felipe Andreu Barallobre explica que dende que Telefónica era monopolio nunca se contratou o servizo neste concello, e di que pasa o mesmo coa luz.

2ª En días pasados tivemos coñecemento da queixa dun feirante pola colocación no novo plano de postos, da churrería nas proximidades dos postos de textil, o cal ocasionaría unha deterioración do xénero. Ten previsto o concello algunha modificación ao respecto?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, manifesta que ela inicialmente a esta pregunta non lle vai poder contestar, por razóns obvias, xa que ela non pode ter coñecemento de onde vai a churrería na futura adxudicación de postos. Non sabe se o Sr. concelleiro do BNG o sabe, pero ela non. En canto teñan adxudicados os postos de forma definitiva, poderá contestarlle e ver se hai que facer algunha modificación ou non.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, suxírelle á Sra. concelleira unha cousa, como membro dun goberno que é. Con independencia de que non saiba onde vai a churrería, sabe que hai determinados postos que van destinados a actividades dentro das que se encadra a churrería, polo tanto, el particularmente, o que faría sería tomar nota desta pregunta que se fixo con moi boa fe, e sen ningún tipo de malicia, e antes de agardar a que exista un problema, para despois solucionalo, prevelo, porque existe un problema que é real. Di que el non o pensaba, el nunca pensou na vida que a un feirante lle puidera molestar que o seu xénero de roupa se puidera ver afectado, polo olor, polo cheiro que sae dos churros, etc., simplemente iso, a partir de aí, ela efectivamente é o goberno e pode utilizar o talante que queira coas preguntas da oposición, máis aínda un xoves ás 23:00 horas, e pola súa parte, nada máis.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que simplemente por aclarar, efectivamente no suposto de que o posible posto destinado aos churros fora nun vehículo-tenda, habería oito opcións, ningunha delas molesta ao textil segundo o plano que teñen. Se finalmente estivera preto dun posto de textil, claro que o verían, e intentarían que fora noutro lugar, ou que o textil fora noutro. En calquera caso, di que por agora ela todas esas queixas non as tivo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a señora presidenta levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

A secretaria xeral

M^a Jesús González Roel

M^a Luisa de la Red Ampudia